| | - Con colectores de 2400 litros: | |
| 148 | Cada colector | 6.577,30 |

Para os establecementos ou instalacións non especificados nas relacións B e C a Xunta de Goberno, a proposta da Administración de Tributos e previo informe do Servizo de Limpeza resolverá aplicando ó previsto para o grupo de clasificación máis afín.

Os establecementos nos que se desenvolvan, de forma exclusiva, actividades incluídas no epígrafe 6912: Reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos que teñan subscrito o Convenio de Xestión Integral de Residuos, aplicaráselles a tarifa correspondente a locais de uso -oficinas e despachos- da relación B que consta no presente artigo. Para a aplicación da citada tarifa será necesaria xustificación documental consistente en certificación da Asociación Autónoma Provincial de Empresarios de Talleres de Reparación de Vehículos Automóbiles de la Provincia de Pontevedra (ATRA), debendo quedar suficientemente acreditado o

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 LITROS/DIA

| CÓDIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| 135 | De 1 obreiro. | 263,90 |
| 108 | De 2 a 5 obreiros. | 326,00 |
| 109 | De 6 a 10 obreiros. | 444,90 |
| 110 | De 11 a 25 obreiros. | 666,70 |
| 111 | De 26 a 75 obreiros. | 1.337,45 |
| 112 | De 76 a 125 obreiros. | 1.781,85 |
| 113 | De 126 a 250 obreiros. | 2.223,35 |
| 114 | De máis de 250 obreiros | 2.967,35 |

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA

| CODIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| | - Con colectores de 1000 litros: | |
| 138 | Un colector | 2.365,90 |
| 149 | Dos colectores | 5.694,50 |
| 150 | De tres colectores en adiante: Sumarase á tarifa 149: | |
| | Por cada colector | 4.021,55 |
| | - Con colectores de 2400 litros: | |
| 148 | Cada colector | 6.649,65 |

| | |
|---|---|
| cumprimento efectivo do citado Convenio de Xestión Integral de Residuos. | |
| Para o caso de que os establecementos incluídos nos epígrafes 151 a 155 acrediten diante do Servizo de Limpeza municipal a contratación dun xestor autorizado para eliminación de residuos, este servizo poderá informar favorablemente a aplicación dunha tarifa inferior á que corresponde por superficie. | |
| Para a aplicación do epígrafe 159: Locais con cantidade de residuos similar a un local pechado por teren contratado un xestor autorizado, será necesario que este posúa autorización expresa para xestionar Residuos Sólidos Urbanos (RSU) por seren estes os que constitúen o feito impoñible desta ordenanza fiscal | No caso de locais ou establecementos que optaren por contratar un xestor autorizado para a recollida, transporte e tratamento da totalidade dos seus residuos comerciais e domésticos, minorarase a tarifa que figura, segundo a súa actividade, nos apartados B) C) e D) anteriores, nun 50%. A cota resultante ten o carácter de "mínima para sostemento do custe fixo deste servizo" de prestación obrigatoria para o Concello. En ningún caso o importe desta cota resultante pode ser inferior ao importe da "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" a que se refire o apartado 2 do artigo 1° da presente ordenanza fiscal. |
| ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO | ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO |
| - O período impositivo coincidirá co ano natural a excepción do que se dispón nos apartados 7.3, 7.4, 7.5, 7.6 e 7.7 do artigo 7 apartado 7 desta ordenanza, en que o período impositivo poderá coincidir cun semestre natural.<br>- O devengo da taxa prodúcese o 1° de xaneiro de cada ano e as cotas serán irredutibles agás que proceda o prorrateo por semestres naturais nos ternos expresados no citado artigo 7 apartado 7 desta ordenanza. | O período impositivo coincidirá co ano natural, o devengo da taxa producirase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas será irredutibles coa excepción dos supostos de alta e variación de actividades económicas nos que se producirá o prorrateo por semestres.<br>Tamén se producirá prorrateo por semestres no caso das baixas de actividades económicas que foran presentadas no Concello. |
| ARTIGO 7 ALTAS E DECLARACIÓNS | ARTIGO 7 ALTAS, VARIACIÓNS E BAIXAS. |
| 1. As altas nos Padróns fiscais da taxa de lixo produciranse a partir da información contida no Catastro Inmobiliario, rexistro administrativo regulado no RDL 1/2004 de 5 de marzo.<br>A efectos da aplicación das taxas reguladas na | 1. As altas nos Padróns fiscais da taxa de lixo produciranse a partir da información contida no Catastro Inmobiliario, rexistro administrativo regulado no RDL 1/2004 de 5 de marzo.<br>A efectos da aplicación das taxas reguladas na |

| | |
|---|---|
| presente ordenanza, as actuacións dos Servizos de Xestión e Inspección Tributarias do Concello complementarán e/ou corrixiran os datos contidos no Catastro Inmobiliario nos casos de omisión do Ben Inmoble no rexistro catastral, ausencia de división horizontal e outros casos. | presente ordenanza, as actuacións dos Servizos de Xestión e Inspección Tributarias do Concello complementarán e/ou corrixiran os datos contidos no Catastro Inmobiliario nos casos de omisión do Ben Inmoble no rexistro catastral, ausencia de división horizontal e outros. |
| Os titulares catastrais de locais de uso distinto a vivenda deberán comunicar ao Concello os arrendamentos daqueles, a efectos de causar baixa como suxeitos pasivos da taxa ao tempo que causarán alta os titulares das correspondentes actividades económicas. | Os titulares catastrais de locais de uso distinto a vivenda deberán comunicar ao Concello os arrendamentos daqueles, a efectos de causar baixa como contribuíntes e aplicar a tarifa de lixo segundo o tipo de actividade e a superficie do local, aos titulares das actividades económicas. A comunicación dos arrendamentos terá efectos, para o titular catastral, no exercicio seguinte ao da comunicación. |
| A comunicación do arrendamento implicará a baixa do propietario como suxeito pasivo no propio exercicio económico no que se formule, se aquela fose presentada nos tres primeiros meses do exercicio. Noutro caso a baixa causará efectos para o exercicio seguinte. | A comunicación.... (Suprímese) |
| Se, incumprida a obriga do propietario de comunicar o arrendamento do local, o Concello por actividade investigadora ou declaración de alta do titular dunha actividade económica, tivera coñecemento da existencia da citada actividade, procederase a dar de baixa ao suxeito pasivo propietario ou usufrutuario e alta ao titular da actividade. Non obstante, non procederá a anulación das cotas mínimas de dispoñibilidade do servizo que a Administración tivera liquidado ao propietario con anterioridade a data da información proporcionada polos titulares da actividade ou ben pola acción inspectora. | Se, incumprida... (Suprímese) |
| | As altas derivadas de nova construción ou rehabilitación surten efectos para o exercicio seguinte ao de finalización das obras.<br><br>As altas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do |

semestre natural correspondente a data de inicio da actividade.

Os mencionados documentos 036, 037 e 840 de alta ou variación no censo de empresarios, profesionais e retenedores surtirán os efectos de notificación de alta ou variación no padrón da Taxa de lixo comercial, non sendo necesaria, dende un punto de vista legal, a notificación individual da liquidación incluída no padrón fiscal.

Os titulares de actividades económicas, veñen, así mesmo, obrigados a solicitar licencia de actividades e instalacións, presentar "declaración responsable" ou "comunicación previa" na Xerencia Municipal de Urbanismo así como a comunicar os cambios de titularidade na licencia.

2. As variacións derivadas de alteracións de titularidade catastral da vivenda ou local (impreso 901 de declaración catastral) surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se produzan.

As variacións de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data da variación na actividade.

3. As baixas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se formulen. Non obstante, se as baixas foran formuladas no Concello, surtirán efectos para o semestre seguinte a aquel no que se formulen.

A omisión das correspondentes declaracións de Alta, Variación ou Baixa así como a omisión da comunicación de arrendamentos teñen a consideración de infracción tributaria.

| | |
|---|---|
| 2. En relación a establecementos comerciais, industriais, profesionais, de artistas ou de outros usos, entenderase como declaración de alta nesta taxa a correspondente declaración de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, tendo efectos dende a data declarada de comezo de actividade.<br><br>Se os suxeitos pasivos do IAE, por estaren exentos, non estiveran, obrigados á presentación formal da declaración de alta no imposto deberán formalizar, declaración de alta específica para a presente taxa no Rexistro Xeral do Concello, en impreso regulamentario que facilitará a Administración Tributaria do Concello, nos mesmos prazos que a correspondente alta no Censo de obrigados tributarios da AEAT.<br><br>Os titulares de actividades, veñen, así mesmo, obrigados a solicitar a preceptiva licencia de actividades e instalacións na Xerencia Municipal de Urbanismo así como a comunicar os cambios de titularidade na licencia, se a houbese.<br><br>O documento de Alta no Imposto sobre Actividades Económicas surtirá os efectos de notificación de alta no Padrón da Taxa de Lixo, non sendo precisa, legalmente, a notificación individual da primeira liquidación.<br><br>No caso de realizar unha actividade económica dentro dunha vivenda, procederá dar de baixa a esta no Padrón da Taxa de Lixo vivendas e alta simultánea no Padrón da Taxa de Lixo Industrial coa a tarifa que lle corresponda a actividade que desenvolva. Os efectos de baixa en un padrón e alta no outro, serán simultáneos, evitando así a duplicidade impositiva<br><br>Os documentos de cambio de titularidade así como de concesión de licencia de actividades surtirán os efectos de notificación de alta no Padrón da Taxa de Lixo, non sendo precisa a notificación individual da liquidación. | 2. substituído por redacción alternativa |

| | |
|---|---|
| 3. En locais destinados a garaxes para uso privado, entenderase como declaración de alta na taxa de lixo, a solicitude de licencia para vado permanente formulada en impreso regulamentario no que procederá realizar autoliquidación da taxa de recollida de lixo do ano en curso se a solicitude se presenta antes do 30 de xuño ou ben, do segundo semestre do ano en curso, se a solicitude se presenta con posterioridade á citada data. O exemplar entregado ó solicitante surtirá os efectos de notificación de alta no Padrón da taxa de lixo, non sendo preceptiva a notificación expresa das liquidacións subseguintes á presente. | 3. Suprímese por estar xa incluído na declaración catastral de alta. |
| 4. Causarán baixa no Padrón da Taxa de Lixo Industrial, Comercial e Profesional os titulares destas actividades que formulen a correspondente declaración de Baixa no Rexistro Xeral do Concello e/ou no Imposto de Actividades Económicas, e causaran alta, simultaneamente, os propietarios ou usufrutuarios dos locais en relación á cota mínima de dispoñibilidade do servizo regulada no artigo 1º desta ordenanza. | 4. Substituído por redacción alternativa |
| 5. Os titulares de actividades deberán formular declaración de baixa no Rexistro Xeral do concello e/ou no Imposto de Actividades Económicas cando cesen naquelas. O incumprimento desta obriga será sancionable segundo o disposto no artigo 198 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria. | 5. Substituído por redacción alternativa |
| 6. Os suxeitos pasivos desta taxa deberán cubrir as súas declaracións con indicación certa e completa do enderezo fiscal e número de identificación fiscal. A omisión de calquera dos datos anteriores será sancionable segundo o disposto nos artigos 198 e 202 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria. | 6. Suprímese |
| 7. As altas, baixas e variacións surtirán efectos da seguinte forma:<br><br>7.1 As altas nos Padróns fiscais da Taxa de Lixo derivadas das declaracións de nova construción | 7. Substituído por redacción alternativa |

ou rehabilitación surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel en que finalicen as obras.

7.2 As modificacións derivadas de cambio de titularidade da vivenda ou constitución ou transmisión do dereito de usufruto surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se produce a transmisión ou constitución do dereito de usufruto.

7.3 As baixas por derribo ou expropiación causarán efectos para ó semestre seguinte a aquel da data de derribo ou da data de ocupación do inmoble, trala presentación da correspondente calificación técnica.

7.4. No caso de altas de establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos, estas causarán efectos o primeiro día do semestre natural correspondente á data de inicio de actividade.

7.5 No caso de altas de garaxes para uso privado causarán efectos o primeiro día do semestre natural en que se solicite a licencia para vado permanente, ou a Administración Municipal teña constancia da existencia do garaxe.

7.6. As baixas dos titulares de actividades, como suxeitos pasivos desta taxa, polo cese da súa actividade surtirán efectos nas seguintes datas:

- As presentadas na Axencia Estatal da Administración Tributaria a efectos do I.A.E ou no Rexistro Xeral do Concello, entre o 1º de febreiro e o 31 de xullo, causarán baixa con data 30 de xuño do ano en curso.

- As presentadas entre o 1º de agosto e o 31 de xaneiro do ano seguinte causarán baixa a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior.

No caso de que o titular dunha actividade presentare variación de elementos tributarios da actividade ou traslado a outro local, dentro do período comprendido entre o 1º de febreiro e o 31 de xaneiro do ano seguinte, os efectos da

| | |
|---|---|
| variación ou traslado produciranse o 1º de xaneiro deste último. | |
| 7.7 A omisión das correspondentes declaracións de Alta, Variación ou Baixa a efectos do IAE, implicarán, amáis das correspondentes infraccións neste imposto, infracción tributaria grave a efectos da taxa de lixo. | |
| ARTIGO 8 INGRESO<br>Empregarase como procedemento complementario e alternativo ó de ingreso por recibo, o procedemento de autoliquidación, no caso da declaración mencionada no parágrafo segundo apartado 2. do Artigo 7 da presente ordenanza referido a altas presentadas directamente no Concello. | ARTIGO 8 INGRESO<br>De conformidade co artigo 60.3, empregarase como procedemento supletorio e alternativo ao procedemento de ingreso por recibo, o réxime de autoliquidación. |
| Procederá igualmente o ingreso mediante autoliquidación, no caso de apreciarse duplicidade cun recibo de padrón emitido. Comprobado pola Administración de tributos o ingreso mediante autoliquidación, procederase a anulación do recibo duplicado. | Procedera ...suprímese |
| ARTIGO 9 INFRACCIÓNS E SANCIÓNS<br>No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan en cada caso, aplicarase a ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restantes normas complementarias. | |
| DISPOSICIÓNS FINAIS<br>1ª. No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral e restante normativa de aplicación. | DISPOSICIÓNS FINAIS |
| 2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2015, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación. | 2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2016, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación. |

PUBLICACIÓNS B.O.P.:

30 DE DECEMBRO DE 1989
4 DE XANEIRO E 30 DECEMBRO DE 1991
23 DE DECEMBRO DE 1992
30 DE DECEMBRO DE 1993
27 DE DECEMBRO DE 1995
30 DE DECEMBRO DE 1996
30 DE DECEMBRO DE 1999
27 DE DECEMBRO DE 2000
30 DE NOVEMBRO DE 2001
26 DE DECEMBRO DE 2002
30 DE DECEMBRO DE 2003
29 DE NOVEMBRO DE 2004
7 DE DECEMBRO DE 2005
30 DE DECEMBRO DE 2006
10 DE DECEMBRO DE 2007
10 DE DECEMBRO DE 2008
11 DE DECEMBRO DE 2009
29 DE NOVEMBRO DE 2010
14 DE DECEMBRO DE 2010
22 DE NOVEMBRO DE 2011
21 DE DECEMBRO DE 2012
30 DE OUTUBRO DE 2014

# INFORME

# PROPOSTA

CONCELLO DE VIGO
Dirección de Ingresos

**INFORME-PROPOSTA:**

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo", que figura no presente expediente.

A presente modificación ten por finalidade corrixir determinadas cuestións de tipo técnico-xurídico que dificultan a xestión desta taxa e acomodar a redacción do artigo primeiro da ordenanza ao disposto na normativa legal de aplicación (RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido la lei reguladora das facendas locais e Lei 22/2011 de 28 de xullo de "Residuos y Suelos contaminados" así como a Lei 10/2008 de 3 de novembro de "residuos de Galicia").

Dáse nova redacción ao artigo 2 da ordenanza fiscal nos términos do artigo 23 do RDL 2/2004 que define os suxeitos pasivos contribuíntes e substitutos nas taxas e, en particular, nas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais. Simplificase a redacción dos artigos 6 e 7 relativos á período impositivo, devengo, xestión de altas, variacións e baixas.

Establecese, en substitución do código 159 do apartado B) do artigo 5.2 da ordenanza vixente, unha cota mínima para sostemento do custe fixo do servizo, distinta da "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" regulada no artigo 1.2 da ordenanza, para aqueles establecementos o locais comerciais e de servizos que opten por contratar un xestor privado autorizado para a recollida, transporte e eliminación da totalidade dos seus residuos comerciais e domésticos.

A cota que deben satisfacer os posuidores de residuos comerciais ten que ser superior a "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" que satisfacen os titulares de bens inmobles para poder cumprir as obrigas de manter o seu inmoble en condicións de salubridade e ornato (residuos domésticos).

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2016 ascendería a un total de 27.458.394,36 € distribuído en dúas fraccións ben diferenciadas:

- O custe fixo do servizo que se produce con independencia da contía dos residuos que se recollan e transporten e comprende a instalación e mantemento de colectores de lixo nas vías públicas así como a existencia de rutas de recollida e traslado de residuos ao longo de todas as vías públicas do término municipal e outros custes xerais do Concello. Estímase para o exercicio 2016 o custe fixo do servizo en 16.886.714,97 € cifra que supón un 61% do custe total do servizo.

- O custe variable que crece ou se minora en razón da contía dos residuos que se tratan ou eliminan. Estímase para o exercicio 2016, para o tratamento de 143.057 TM de residuos, un custe variable de 10.571.679,39 €, cifra que supón un 39% do custe total do servizo.

A estimación de ingresos que se fai para o conxunto dos suxeitos pasivos desta taxa non acada a cubrir o custe fixo do servizo: 16.800.000 € de ingresos previstos para o exercicio 2016, fronte a 16.886.714,97 € de custe fixo do servizo de recollida, transporte e eliminación de residuos.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 24.2 paragrafo segundo do RDL 2/2004 de 5 de marzo: " *Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, ...e, no seu caso,* ***os necesarios para garantir o mantemento dun desenvolvemento razoable do servizo...*** ", estaría xustificado o pagamento da totalidade da cota establecida no artigo 5 da ordenanza, pois non se garante un desenvolvemento razoable dun servizo no caso de que o conxunto das taxas non acade a cubrir o custe fixo do mesmo. Por outra parte, os custes provocados polo exercicio da opción de entregar os residuos comerciais a un xestor privado, en ningún caso, poderían repercutirse ao resto dos usuarios do servizo

Non obstante o anterior, por estar algunha das tarifas de lixo comercial desaxustada en términos de comparación co resto, óptase por fixar unha cota individual para cada produtor de residuos comerciais que opte por un xestor privado autorizado que se obtén reducindo a cota que lle correspondería segundo o artigo 5 da ordenanza fiscal nun 50%. **Esta contía vai integramente destinada a financiar unha parte do custe fixo do servizo.** Se trasladamos a cada cota individualizada a estrutura de custes do servizo, deberíamos dicir que unha porcentaxe do 6% da cota iría destinada a financiar o custe fixo e o resto ao custe variable. O anterior é un exercicio teórico, só de interese pedagóxico, para quen fixera esta análise, para cada caso concreto. Pero esta análise só resultaría válida para cada caso individual se o conxunto total das taxas de todos os contribuíntes acadase para financiar a suma de custe fixo e variable. Pero como xa describimos enriba e no estudo económico que acompaña este expediente, o importe total das taxas (16.800.000 €) non chega a financiar o importe do custe fixo do servizo (16.886.714,97 €).

A aportación fiscal desta taxa ao Presuposto do Concello vense reducindo dende o exercicio 2013 por dúas causas:

- Pola variación positiva dos índices de prezos habida entre o 30 de abril de 2012 que non foi trasladada ás tarifa, o que significa a data de 30 de abril de 2015 unha redución en términos reais, do 1,1%.
- Pola redución do 1,4% na tarifa de lixo vivendas aprobada en sesión plenaria de 4 de setembro de 2014.

A suma destas dúas incidencias, implica para o suxeitos pasivos das taxas de vivendas, unha redución do 2,52% (1,014 x 1,011).

A Actualización que se presenta a aprobación respecta o mantemento da redución aprobada no exercicio 2014 na porcentaxe dun 1,4 na taxa de lixo vivendas pero, si recupera o efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril de 2012 e 30 de abril de 2015 situando, no exercicio 2016 as tarifas de lixo comercial, nos mesmos valores, en términos reais, que as de o exercicio 2013. No caso das vivendas a tarifa sitúase para 2016, en términos reais, un 1,4% por debaixo dos valores de 2013.

Actualízanse as tarifas vixentes na porcentaxe do 1,1% que constitúe a variación do IPC entre 30 de abril de 2012 e 30 de abril de 2015. A data de partida de 30 de abril de 2012 constitúe a data final para a que se tiveron en conta as variacións do índice de prezos nesta ordenanza fiscal. Segundo documento que obra no expediente, publicado polo INE a variación do IPC para o período considerado foi do 1,1%

A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tralo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

**1º)** Aprobar provisionalmente a seguinte:

"MODIFICACION DOS SEGUINTES ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO" (16), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 1 FEITO IMPOÑIBLE.
*Modifícanse os apartados 1 e 3, que quedan redactados como segue:*

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Vigo, o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas no artigo 20 da Lei 22/2011 de 28 de xullo de Residuos y Suelos contaminados e Lei 10/2008 de 3 de novembro de residuos de Galicia.

3. Considéranse, a efectos desta ordenanza, de conformidade co artigo 4.2 da Lei 10/2008 de residuos de Galicia residuos urbanos o municipais, os xenerados nos domicilios particulares, comercios oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a calificación de perigosos e que, pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

ARTIGO 2 SUXEITOS PASIVOS
*Queda redactado como segue:*

1. Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que presten ou realicen as entidades locais, de conformidade co artigo 23.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais .

En consecuencia, son suxeitos pasivos contribuíntes nesta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas por razóns de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios de ditos inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios, de conformidade co artigo 23.2, do citado RDL 2/2004,

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.
*Modifícanse os parágrafos 1º, 2º, 3º e 4º do apartado 1 e o apartado 4, que quedan redactados como segue:*

1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constitúa a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos bruto anuais, per cápita, inferiores a 3.977 € e 6.223 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para disfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 49.305 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

No caso dunha persoa con un grado de discapacidade igual ou superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

4. As solicitudes de bonificación ou exención deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.

De presentarse algunha solicitude de bonificación e/ou exención entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel en que fora formulada.

No caso de familias numerosas o prazo do 31 de decembro amplíase ata o 31 de xaneiro.

ARTIGO 5 COTA

*Modificanse os apartados 1.3, 1.4, a estrutura tarifaria do apartado 2 e o último parágrafo, que quedan redactados como segue:*

1.3. No caso de locais de uso distinto a vivenda que se atopen sen actividade aplicarase a cota mínima de dispoñibilidade do servizo de importe igual á tarifa de vivenda, conforme se dispón no artigo 1° apartado 2 desta ordenanza.

1.4. Para a aplicación desta taxa, considerarase que a superficie de local ou establecemento é a delimitada polo seu perímetro interior.

2. A estrutura tarifaria é a seguinte:

A). VIVENDAS.

| CÓDIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| 139 | Cota anual | 85,05 |

B). ESTABLECEMENTOS

| CÓDIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| 1 | Accesorios e vehículos, venda. | 444,00 |
| 2 | Alfombras e papeis pintados, Venda, | 222,30 |
| 43 | Almacéns frigoríficos e outros. | 2.294,70 |
| 5 | Artigos de pel, peleterías. | 262,85 |
| 6 | Artigos de viaxe. | 282,95 |
| 7 | Axencias de viaxe. | 222,30 |
| 8 | Bancos. | 1.280,20 |
| 9 | Bares e cafés de categoría especial. | 463,40 |
| 91 | Outros cafés e bares. | 263,90 |
| 124 | Bibliotecas, museos. salas de arte. | 170,15 |
| 11 | Bingos e outros xogos de azar | 1.159,45 |
| 12 | Bixuterías. | 179,95 |
| 14 | Bombonerías. | 222,30 |
| 15 | Cadros e molduras, lámparas. | 264,95 |
| 16 | Cafeterías. | 775,75 |
| 17 | Carnicerías | 411,10 |
| 19 | Cines. | 512,70 |
| 20 | Clubs, peñas e asociacións culturais. | 170,15 |
| 21 | Colexios e academias de ensino, por planta. | 170,15 |
| 22 | Ídem. Ídem. con internado, por planta. | 179,95 |
| 23 | Colexios profesionais. | 250,30 |
| 24 | Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2). | 330,95 |
| 10 | Comercio menor toda clase artigos, por planta. | 463,40 |
| 140 | Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2. | 410,30 |
| 25 | Confiterías,pastelerías, panaderías e bolerías con obrador. | 362,20 |
| 73 | Confiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador. | 170,15 |
| 26 | Consultorios. | 222,30 |

| | | |
|---|---|---|
| 125 | Clínicas de día sen hospitalización. | 444,90 |
| 27 | Corte e confección, modistas e xastrerías. | 263,90 |
| 28 | Cristalerías. | 250,30 |
| 29 | Churrerías. | 170,15 |
| 30 | Depósitos e almacéns pechados ó público. | 263,90 |
| 31 | Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro. | 371,80 |
| 32 | Discotecas. | 1.094,40 |
| 33 | Droguerías. | 319,25 |
| 34 | Efectos navais. | 444,90 |
| 35 | Estacións de servizo. | 666,70 |
| 36 | Estancos. | 170,15 |
| 37 | Estudios fotográficos. | 179,95 |
| 38 | Farmacias e laboratorios. | 263,90 |
| 39 | Ferrancharías, chatarrerías. | 362,20 |
| 40 | Ferreterías. | 444,90 |
| 41 | Florerías e paxarerías. | 196.00 |
| 42 | Fotografía, venda de material. | 357,80 |
| 44 | Froiterías de ata 20m2 e herboristerías. | 222,30 |
| 151 | Froiterías de mais de 20m2 ata 50m2 | 444,65 |
| 152 | Froiterías de máis de 50m2 ata 100m2 | 889,30 |
| 153 | Froiterías de mais de 100m2 ata 150m2 | 1.332,10 |
| 154 | Froiterías de mais de 150m2 ata 200m2 | 1.778,55 |
| 155 | Froiterías de mais de 200m2 | 2.365,90 |
| 45 | Garaxes privados, ata 3 prazas | 86,25 |
| 46 | Ídem. de 4 a 25 prazas. | 150,70 |
| 47 | Ídem. de máis de 25 prazas. | 196,05 |
| 48 | Garaxes públicos | 331,70 |
| 49 | Garaxes públicos con lavado. | 444,90 |
| 126 | Granxas de animais. | 411,10 |
| 143 | Hoteis de cinco estrelas | 2.365,90 |
| 51 | Hoteis e moteis de catro estrelas. | 1.855,35 |
| 52 | Hoteis e moteis de tres estrelas. | 1.390,85 |
| 53 | Hoteis e moteis de dúas e unha estrela. | 1.114,20 |
| 54 | Hoteis-apartamentos e aloxamentos Turísticos extra hoteleiros e cámpings. | 883,25 |
| 55 | Imprentas e litografías. | 444,90 |
| 56 | Instrumentos musicais. | 263,90 |
| 58 | Librerías. | 357.80 |
| 158 | Local sen actividade | 85,05 |
| 159 | (Substitúese polo último paragrafo do presente artigo 5) | |
| 59 | Loterías, administracións de. | 170,15 |
| 60 | Maquinaria diversa, venda e exposición | 444,90 |
| 61 | Material eléctrico e electrodoméstico, ordenadores. | 357,80 |
| 62 | Material de construción. | 444,90 |
| 63 | Mobiliario de oficina, venda e exposición. | 529,30 |
| 64 | Mercerías. | 170,15 |
| 65 | Mobles, exposición. | 444,90 |
| 141 | Mobles, venda en establecementos de superficie ata 150 m2. | 529,30 |
| 66 | Mobles, venda en establecementos de superficie superior a 150 m2. | 883,25 |

| | | |
|---|---|---|
| 67 | Mobles de cociña e baño, venda e exposición. | 444,90 |
| 68 | Obxectos de agasallo,decoración e antigüidades. | 357,80 |
| 69 | Obxectos de deporte. | 263,90 |
| 70 | Oficinas e despachos, por unidade. | 165,15 |
| 71 | Ópticas. | 170,15 |
| 72 | Ortopedias. | 444,90 |
| 74 | Papelerías, fotocopias. | 232,70 |
| 76 | Perruquerías e salóns de beleza. | 291,70 |
| 127 | Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na propia vivenda. | 196,00 |
| 77 | Pensións, hospedarías e hostais. | 444,90 |
| 128 | Ídem sen comida, por habitación. | 51,15 |
| 78 | Perfumerías. | 263,90 |
| 79 | Pescaderías. | 263,90 |
| 129 | Polideportivos, campos de fútbol e similares. | 581,65 |
| 80 | Praterías e xoierías. | 389,40 |
| 130 | Preescolares e garderías infantís. | 222,30 |
| 81 | Quioscos. | 170,15 |
| 131 | Rastrillos e similares. | 263,90 |
| 82 | Reloxerías. | 263,90 |
| 83 | Residencias non clasificadas por turismo, por plta. | 170,15 |
| 84 | Restaurantes de 4 e 5 cubertos. | 913,15 |
| 85 | Restaurantes de 2 e 3 cubertos. | 809,90 |
| 86 | Restaurantes de 1 cuberto. | 581,65 |
| 157 | Restaurantes de menos de 30m2 | 290,80 |
| 132 | Sanatorios de máis de 30 camas. | 2.967,35 |
| 133 | Sanatorios de ata 30 camas. | 1.779,75 |
| 105 | Servizos de reprodución gráfica. | 373,75 |
| 89 | Sociedades de lecer e casinos. | 1.041,35 |
| 90 | Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4). | 1.390,85 |
| 93 | Tecidos e confeccións por planta. | 396,25 |
| 156 | Tendas de roupa e/ou complementos de menos de 30m2. | 165,15 |
| 94 | Tinturerías e lavanderías. | 263,90 |
| 95 | Transportes públicos e privados. | 666,70 |
| 96 | Venda de localidades. | 91,30 |
| 134 | Veterinarios e perruquerías caninas. | 292,55 |
| 98 | Xeladerías e chocolaterías. | 364,05 |
| 99 | Ximnasios, saunas e similares. | 392,15 |
| 100 | Xogos de lecer. | 666,70 |
| 101 | Xogueterías. | 357,80 |
| 103 | Zapaterías. | 302,45 |
| 104 | Zapaterías, reparación. | 170,15 |

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 LITROS/DIA

| CÓDIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| 135 | De 1 obreiro. | 263,90 |
| 108 | De 2 a 5 obreiros. | 326,00 |
| 109 | De 6 a 10 obreiros. | 444,90 |
| 110 | De 11 a 25 obreiros. | 666,70 |
| 111 | De 26 a 75 obreiros. | 1.337,45 |
| 112 | De 76 a 125 obreiros. | 1.781,85 |
| 113 | De 126 a 250 obreiros. | 2.223,35 |
| 114 | De máis de 250 obreiros | 2.967,35 |

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA

| CODIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| - Con colectores de 1000 litros: | | |
| 138 | Un colector | 2.365,90 |
| 149 | Dos colectores | 5.694,50 |
| 150 | De tres colectores en adiante: Sumarase á tarifa | 149: |
| | Por cada colector | 4.021,55 |
| - Con colectores de 2400 litros: | | |
| 148 | Cada colector | 6.649,65 |

No caso de locais ou establecementos que optaren por contratar un xestor autorizado para a recollida, transporte e tratamento da totalidade dos seus residuos comerciais e domésticos, minorarase a tarifa que figura, segundo a súa actividade, nos apartados B) C) e D) anteriores, nun 50%. A cota resultante ten o carácter de "mínima para sostemento do custe fixo deste servizo" de prestación obrigatoria para o Concello. En ningún caso o importe desta cota resultante pode ser inferior ao importe da "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" a que se refire o apartado 2 do artigo 1º da presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 6 PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

*Queda redactado como segue:*

O período impositivo coincidirá co ano natural, o devengo da taxa producirase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas será irredutibles coa excepción dos supostos de alta e variación de actividades económicas nos que se producirá o prorrateo por semestres.
Tamén se producirá prorrateo por semestres no caso das baixas de actividades económicas que foran presentadas no Concello.

ARTIGO 7 ALTAS, VARIACIÓNS E BAIXAS.
*Queda redactado como segue:*

1. As altas nos Padróns fiscais da taxa de lixo produciranse a partir da información contida no Catastro Inmobiliario, rexistro administrativo regulado no RDL 1/2004 de 5 de marzo.
A efectos da aplicación das taxas reguladas na presente ordenanza, as actuacións dos Servizos de Xestión e Inspección Tributarias do Concello complementarán e/ou corrixiran os datos contidos no Catastro Inmobiliario nos casos de omisión do Ben Inmoble no rexistro catastral, ausencia de división horizontal e outros.

Os titulares catastrais de locais de uso distinto a vivenda deberán comunicar ao Concello os arrendamentos daqueles, a efectos de causar baixa como contribuíntes e aplicar a tarifa de lixo segundo o tipo de actividade e a superficie do local, aos titulares das actividades económicas. A comunicación dos arrendamentos terá efectos, para o titular catastral, no exercicio seguinte ao da comunicación.

As altas derivadas de nova construción ou rehabilitación surten efectos para o exercicio seguinte ao de finalización das obras.

As altas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data de inicio da actividade.

Os mencionados documentos 036, 037 e 840 de alta ou variación no censo de empresarios, profesionais e retenedores surtirán os efectos de notificación de alta ou variación no padrón da Taxa de lixo comercial, non sendo necesaria, dende un punto de vista legal, a notificación individual da liquidación incluída no padrón fiscal.

Os titulares de actividades económicas, veñen, así mesmo, obrigados a solicitar licencia de actividades e instalacións, presentar "declaración responsable" ou "comunicación previa" na Xerencia Municipal de Urbanismo así como a comunicar os cambios de titularidade na licencia.

2. As variacións derivadas de alteracións de titularidade catastral da vivenda ou local (impreso 901 de declaración catastral) surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se produzan.

As variacións de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data da variación na actividade.

3. As baixas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se formulen. Non obstante, se as baixas foran formuladas no Concello, surtirán efectos para o semestre seguinte a aquel no que se formulen.

A omisión das correspondentes declaracións de Alta, Variación ou Baixa así como a omisión da comunicación de arrendamentos teñen a consideración de infracción tributaria.

ARTIGO 8 INGRESO
*Queda redactado como segue:*

De conformidade co artigo 60.3, empregarase como procedemento supletorio e alternativo ao procedemento de ingreso por recibo, o réxime de autoliquidación.

DISPOSICIÓN FINAL 2ª:
*Queda redactada como segue:*

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2016, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación

**2º)** Someter a Ditame do TEA do Concello.

**3º)** Aprobación provisional en sesión plenaria.

**4º)** Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

**CONCELLO DE VIGO**
Dirección de Ingresos

**5º)** Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Vigo, 3 de agosto de 2015

A Técnica Xurídica de Dirección de Ingresos/
Xefa da Inspección de Tributos

Asdo.: Mª del Carmen Pazos Area

A Directora de Ingresos

Asdo.: Mª Jesús Magdalena Vila

Conforme,
O Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda

Asdo.. Jaime Aneiros Pereira

CONCELLO DE VIGO
Dirección de Ingresos

**DILIXENCIA:**

Pase ao Tribunal Económico-Administrativo do Concello a seguinte relación de propostas de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2016, a efectos de que ese Tribunal realice informe previo de legalidade.

1) Proposta de modificación para o exercicio 2016 da Ordenanza Fiscal Xeral (1).
2) Proposta de modificación para o exercicio 2016 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles. (2).
3) Proposta de modificación para o exercicio 2016 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica. (3).
4) Proposta de modificación para o exercicio 2016 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas. (4).
5) Proposta de modificación para o exercicio 2016 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus Organismos Autónomos a instancia de parte. (10).
6) Proposta de modificación para o exercicio 2016 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola inmobilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. (15).
7) Proposta de modificación para o exercicio 2016 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola recollida do lixo. (16).
8) Proposta de modificación para o exercicio 2016 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por aproveitamento especial da vía pública con Estacionamento de Vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais. (34).

Vigo, 4 de agosto de 2015
A Directora de Ingresos

Asdo.: Mª Jesús Magdalena Vila

CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

**Sesión Extraordinaria e urxente número 2015/16 do día cinco de agosto de dous mil quince**

**ASISTENTES**

Presidente :D. Albino Rodríguez Ferreira
Vocal :D. Miguel A. Pola Tombo
Secretario :D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

**ASUNTO**

**2.- TIPO: Informe DIRECCIÓN DE INGRESOS**
**EXPEDIENTE: ORDENANZAS 2016 REF: I3691 E3860 P3407**
**ASUNTO: Informe previo sobre modificación das Ordenanzas Fiscaís que se relacionan**

**ACORDO**

Prestar conformidade á proposta e, en consecuencia, prestar aprobación ó Informe relativo ás propostas de modificación das Ordenanzas subliñadas

Vigo, a cinco de agosto de dous mil quince
O Secretario

Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela

O Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira

CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

**TIPO: Informe**
**SOLICITANTE: DIRECCIÓN DE INGRESOS**
**EXPEDIENTE: ORDENANZAS 2016 REF: I3691 E3860 P3407**
**ASUNTO: Informe previo sobre modificación das Ordenanzas Fiscaís que se relacionan**

**En Vigo, a 05/08/2015, examinada a proposta de informe asinada polo Vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo en data 05/08/2015 co seguinte literal:**

Remítense a este Tribunal os expedientes relativos á modificación das seguintes Ordenanza Fiscáis a fin de que se emita informe previo:

1) ORDENANZA FISCAL XERAL (1), que modifica asimesmo:
- Ordenanza Nº 50: Ordenanza Fiscal Reguladora dos Dereitos e Taxas Pola Concesión de Licenzas para Construcións, Obras e Instalacións e Outros Servizos Urbanísticos. 2016
- Ordenanza Nº 5: Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- Ordenanza Nº 30:Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización Privativa do Dominio Público Local.

2) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (2)
3) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (3)
4) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (4)
5) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, A INSTANCIA DE PARTE (10)
6) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS (15)
7) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16)
8) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RÚAS MUNICIPAIS (34)

En atención o requirimento efectuado este Tribunal ten a honra de informar o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE E TRAMITACIÓN:

A modificación das Ordenanzas Fiscáis ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:
- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(LFL).
- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscáis é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non sigue as normas xeráis de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas poño TRLFL.

Efectivamente, compre ter en conta que o artigo 111 LRBRL establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e que a dita normativa está contida nos artigos 15 a 19 da LFL, polo que, no caso das Ordenanzas Fiscáis, a súa tramitación non sigue o procedemento ordinario nin o establecido polo Regulamento Orgánico do Pleno, cuxo artigo 89,1 xa exclúe da tramitación polas normas nel contidas os proxectos

normativos que conten con lexislación sectorial aplicable e dita lexislación, coma dixemos, e a dos artigos 15 e 19 da LFL, ós que se remite o artigo 111 da LRBRL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste más concreto e restrictivo que o de "alegaciónes y observaciones" do procedemento xeral.

Por iso, e sin prexuizo de que, antes de sometelo a aprobación plenaria, o goberno municipal poida efectuar as súas lexítimas transaccións cós grupos municipáis ou incluso enmendar o propio texto proposto, o Pleno non pode máis que ratificar ou non o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e posteriormente dictaminado por este Tribunal Económico Administrativo en virtude do disposto nos artigos 137.1.b da LBRL e 2.b do ROTEACV.
Tal e coma se recolle nas propostas remitidas, "O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".
Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.
Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.
Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA. "

SOBRE AS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS

1) ORDENANZA FISCAL XERAL (1), que modifica asimesmo:
- Ordenanza N° 50: Ordenanza Fiscal Reguladora dos Dereitos e Taxas Pola Concesión de Licenzas para Construcións, Obras e Instalacións e Outros Servizos Urbanísticos. 2016
- Ordenanza N° 5: Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- Ordenanza N° 30:Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización Privativa do Dominio Público Local.

Segundo consta nos antecedentes do texto remitido para informe previo e no que se concretará a proposta:
"A aplicación dos tributos do Concello, amais da regulación propia de cada ordenanza fiscal, segue normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión de actos integradas na presente ordenanza fiscal xeral. A casuística derivada da xestión tributaria e recadatoria do último ano aconsella as modificacións que se relacionan a continuación:
Introdúcense, no apartado 2 do artigo 4, escalas de valores catastrais de repercusión comercial e unitarios de BICES para aplicar en ámbitos territoriais nos que non son de aplicación as ponencias de valores de Bens Urbanos. A escala de valores catastrais de repercusión comercial vixente non é aplicable aos Bens Inmobles de Características Especiais (BICES), que no noso Concello se concretan nos ámbitos espaciais do Porto, Aeroporto, Autopistas e Embalse de Zamans, pois estes ámbitos teñen aprobadas ponencias de valores especiais dende finais do ano 2007 (achéganse as citadas ponencias especiais en documento anexo a esta modificación de ordenanza fiscal xeral).
Como pode desprenderse da lectura do artigo 4 da ordenanza, a súa regulación determina as categorías fiscais de avenidas, rúas, prazas e calquera outro emprazamento do término municipal. A inclusión das escalas de valores especiais corrixe unha deficiencia técnica do texto vixente. Igualmente, explicítase no apartado 3 deste artigo que a aplicación concreta das escalas a cada caso deberá ser aprobada mediante resolución da Concellería de Orzamentos e Facenda, cuestión esta última que estaba implícita no texto vixente pero que, agora se fai constar de forma expresa.
Modifícase, no artigo 36 apartado 2, o inicio de cobranza do padrón de Exaccións Unificadas Industriais (Taxa de lixo comercial e vados) demorando aquel un mes respecto do calendario habitual ata o presente (xuño). Proponse o inicio de cobranza para este padrón de lixo comercial e vados no mes de xullo. Sen dúbida, esta demora permitirá mellorar a calidade dos datos deste padrón fiscal que se nutre, basicamente da información facilitada, no mes de abril de cada ano

pola AEAT, a través da matricula de IAE e do Censo de obrigados tributarios. Esta información ten que ser obxecto de tratamento masivo e manual así como de comprobacións de campo polos axentes tributarios do Concello. Por todo o anterior, o prazo de preparación actual é moi insuficiente.
Diante da casuística que se plantea na recadación executiva respecto de debedores tributarios en fase de embargo e situación económica precaria, regúlase a posibilidade de que o debedor solicite un aprazamento excepcional que impida o embargo das cantidades que, por ter a condición de aforro, resultan embargables segundo o artigo 607 da Lei 1/2000 de enxuizamento civil.
Segundo proposta do Sr. Tesoureiro do Concello, regúlase este aprazamento excepcional nun novo artigo 73.B. Conforme a este artigo, os debedores tributarios cuxos únicos ingresos fosen soldos, salarios ou pensións de contía inferior ao IPREM, aínda estando na fase de embargo, poderán acollerse a un fraccionamento excepcional por importe non superior ao 5% dos seus ingresos. Este procedemento evitará a continuación do embargo.
Por motivos de economía no procedemento, introdúcense como disposicións adicionais a esta ordenanza dúas correccións de tipo técnico nas ordenanzas fiscais nº50 e nº5. As correccións refírense a precisar as catro Areas de Rehabilitación Integral aprobadas para o Concello de Vigo que son obxecto de beneficios fiscais nas citadas ordenanzas: PEPRIS de Casco Vello e Bouzas así como rúas de Bueu e Moaña en Coia e Santa Clara en Cabral.
A disposición adicional primeira introduce unha modificación do artigo 5 da Ordenanza Fiscal Reguladora dos Dereitos e Taxas Pola Concesión de Licenzas para Construcións, Obras e Instalacións e Outros Servizos Urbanísticos.
A disposición adicional segunda modifica o apartado 5 do artigo 3 da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
A disposición adicional terceira da nova redacción ao último parágrafo do apartado 5 do artigo 4 da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización Privativa do Dominio Público Local. Realizase esta modificación en execución de sentencia do TSXG nº 282/2015. Conforme a citada sentencia quedan excluídas do réxime especial de contificación do 1,5% ás empresas do Sector das Telecomunicacións que non son titulares de redes."

En canto ás modificacións propostas non hai ningunha obxección que realizar a vista do disposto no artigo 16 do TRLFL, por tanto non se quebran en ningún intre os principios de xerarquía normativa e reserva de lei en materia tributaria. Por outra banda, se da cumplimento á obriga de adaptar o contido da Ordenanza ós términos das resolucións xudiciáis que lles afectan.

En virtude do exposto este Tribunal considera conforme a dereito a proposta de acordo que consta no expediente. En canto á idoneidade das medidas, queda fora de toda dúbida ó ser informadas polos departamentos ós que se refiren as mesmas, sendo esto suficiente garantía da mesma.

2) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (2)
Segundo consta nos antecedentes do texto remitido para informe previo e no que se concretará a proposta:
"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles" para o exercicio 2016, que consta no presente expediente.
A) A aportación fiscal deste imposto ao presuposto do Concello vense reducindo dende o ano 2013 por dúas causas:
a) A variación positiva dos índices de prezos habida entre o 30 de abril de 2012 que non foi trasladada ao tipos impositivos, o que significa a data de 30 de abril de 2015, unha redución en términos reais, do 1,1%.
b) A redución do 1,4% no tipo impositivo para Bens de Natureza Urbana aprobada en sesión plenaria de 4 de setembro de 2014.
A suma destas dúas incidencias ten implicado unha minoración da capacidade recadadora deste imposto e, polo tanto unha menor aportación ao presuposto do 2,52 % (1,014 x 1,011).
B) En data 30 de maio de 2014, recae Sentenza do Tribunal Supremo 2159/2014 na que se determina que os bens inmobles situados en solos urbanizables só poden valorarse catastralmente como solos urbanos se dispoñen dun planeamento de desenvolvemento que conteña a súa ordenación detallada. Isto é, non basta con que estean incluídos en sectores ou ámbitos espaciais delimitados, senón que é necesario que estea aprobado o instrumento urbanístico que conteña a súa ordenación detallada.
A aplicación do criterio establecido na cita STS, deu lugar á Lei 13/2015 de 24 de xuño de reforma da Lei Hipotecaria aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946 e do Texto refundido da lei do catastro inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, os solos urbanizables sen ordenación detallada deixan de figurar como bens de natureza urbana.

A citada Lei modifica a letra b) do apartado 2 do artigo 7 do Texto refundido da lei do catastro inmobiliario limitando a consideración de bens de natureza urbana para os solos urbanizables que estando incluídos en sectores ou ámbitos espaciais delimitados, conten con Plan Parcial aprobado ou outro instrumento con determinacións de ordenación detallada:
"b) os terreos que teñan a consideración de urbanizables ou aqueles para os que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística aprobados prevean ou permitan o seu paso á situación de solo urbanizado, sempre que se inclúan en sectores ou ámbitos espaciais delimitados e se teñan establecido para eles as determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada, de acordo coa lexislación urbanística aplicable"
A aplicación desta medida lexislativa suporá unha minoración importante na carga tributaria deste imposto para os titulares catastrais dos solos urbanizables sen ordenación detallada, Consecuente e paralelamente, producirase unha minoración na capacidade recadadora total do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana.
Desaparecen do padrón de bens inmobles de natureza urbana e quedan incluídos no padrón de bens inmobles de natureza rústica todos os solos urbanizables do término municipal que carecen da citada ordenación detallada ou pormenorizada, e o seu valor catastral será reducido e determinado "mediante a aplicación dos módulos que, en función da súa localización, se establezan por orde do Ministro de Facenda e Administracións Públicas" (Segundo a información facilitada pola Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra o módulo aplicable no Concello de Vigo será de 3,25 €/m2).
En aplicación do principio de equidade tributaria, resulta necesario o establecemento dun tipo impositivo para bens de natureza rústica que se sitúe, fronte ao tipo mínimo establecido no Texto refundido da LRFL, na mesma proporción que o está o tipo impositivo para bens de natureza urbana respecto do seu mínimo legal.
As perdas da capacidade recadadora do imposto sobre bens Inmobles de Natureza Urbana para o exercicio 2016 postas de manifesto nos apartados A) e B) anteriores determinan as modificacións e actualizacións que seguen:
1) Determinación do tipo impositivo para Bens de Natureza Rústica:
Para o exercicio 2016 o tipo impositivo para bens de natureza urbana será o 0,882% cuxa relación co tipo mínimo legal do 0,4% implica un coeficiente de 2,205%. Se aplicamos este mesmo coeficiente ao tipo mínimo legal para bens de natureza rústica (0,3%), resulta un tipo impositivo do 0,662%, que é o proposto neste expediente para bens de natureza rústica.
2) Actualización de tipos impositivos de Bens Urbanos e BICES:
A actualización que se presenta a aprobación implica o mantemento da redución do 1,4% aprobada no exercicio 2014 non obstante permitirá recuperar o efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril de 2012 e 30 de abril de 2015, situando a tributación do IBI para 2016, en términos reais, nun 1,4% inferior a do exercicio 2013.
Actualízanse os tipos impositivos vixentes para inmobles urbanos e BICES conforme a variación experimentada polo IPC dende 30 de abril de 2012 ata 30 de abril de 2015. A data de partida constitúe a data final para a que se tiveron en conta as variacións de prezos nesta ordenanza fiscal. Segundo documento que obra no expediente publicado polo INE, a variación do IPC para o período considerado foi do 1,1%.
Igualmente, actualízanse na mesma porcentaxe do 1,1% os ingresos brutos que constitúen a base para determinar a bonificación de familias numerosas."

En relación coas modificacións propostas, compre ter en conta que cando se trate do establecemento ou modificación, coma a presente, dos tipos ou dos coeficientes ou índices previstos na lei, non precisa a súa adopción de motivación ou razonamento algún, ó se tratar do mero exercicio de funcións de Xusticia (neste caso, do exercicio do poder tributario local; vid. STSX de Cataluña de 30-4-94 Rec 693/1990) debendo limitarse a verificar que os límites previstos na TRLFL non son superados, constatándose no presente que efectivamente é así. No meesmo sentido, a STSX da Comunidade Valenciana de 27-1-1994 (Arz JT 1994,71), sobre incremento de tipos de IBI, IVTM, IVTNU, declara que en tanto se atopan dentro dos límites establecidos legalmente, de conformidade có disposto na LFL, resulta impertinente esixir unha especial motivación ou xustificación.

3) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (3)
Segundo consta nos antecedentes do texto remitido para informe previo e no que se concretará a proposta:
"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica", que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en reducir a tributación das motocicletas nun 10% para o exercicio 2016, actualizar conforme as variacións do IPC ao resto das tarifas así como modificar o réxime dos beneficios fiscais para vehículos de antigüidade superior a 25.
A) Mantense a bonificación do 100% para os vehículos da clase turismos de menos de 8CV.
B) Bonifícanse no 50% da cota os vehículos da clase turismo de 8 a 11,99 CV.
Motívase a restrición proposta na bonificación fiscal para vehículos con antigüidade mínima de 25 anos en que resulta contraditoria coas políticas de redución de emisión de CO2 e, no contexto desta ordenanza, coas bonificacións de carácter medio-ambiental que figuran no artigo 4.3: Bonificacións do 75% da cota durante dous anos para vehículos con emisións de CO2 inferiores a 120 grs/km, híbridos, combustible GLP, biogas, gas natural comprimido... No caso de vehículos eléctricos a bonificación do 75% ten carácter indefinido.
C) Redúcense as tarifas de motos nun 10% respecto das vixentes en 2015.
A aportación fiscal deste imposto ao presuposto do concello vense reducindo dende o ano 2013 por dúas causas:
a) A variación positiva dos índices de prezos habida entre o 30 de abril de 2012 que non foi trasladada ás tarifas, o que significa a data de 30 de abril de 2015 unha redución en términos reais, do 1,1%.
b) A redución do 2% nas tarifas de vehículos ata 11,99 CV así como do 1% nas de vehículos de 12 a 15,99 CV aprobadas en sesión plenaria de 4 de setembro de 2014.
A actualización que se presenta a aprobación respecta as reducións do 2% e 1% aprobadas no exercicio 2014 non obstante permitirá recuperar, parcialmente, o efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril de 2012 e 30 de abril de 2015 situando as tarifas de 2016 que non foron obxecto de rebaixa polo acordo de setembro de 2014 nin o son neste expediente, en términos reais, nos valores do exercicio 2013.
D) Actualízanse as tarifas vixentes conforme a variación experimentada polo IPC dende 30 de abril de 2012 ata 30 de abril de 2015. A data de partida constitúe a data final para a que se tiveron en conta as variacións de prezos nesta ordenanza fiscal. Segundo documento que obra no expediente publicado polo INE, a variación do IPC para o período considerado foi do 1,1%. "

En relación coas modificacións propostas, compre ter en conta, coma indicábamos anteriormente, que cando se trate do establecemento ou modificación, coma a presente, dos tipos ou dos coeficientes ou índices previstos na lei, non precisa a súa adopción de motivación ou razonamento algún, ó se tratar do mero exercicio de funcións de Xusticia (neste caso, do exercicio do poder tributario local; vid. STSX de Cataluña de 30-4-94 Rec 693/1990) debendo limitarse a verificar que os límites previstos na TRLFL non son superados, constatándose no presente que efectivamente é así. No meesmo sentido, a STSX da Comunidade Valenciana de 27-1-1994 (Arz JT 1994,71), sobre incremento de tipos de IBI, IVTM, IVTNU, declara que en tanto se atopan dentro dos límites establecidos legalmente, de conformidade có disposto na LFL, resulta impertinente esixir unha especial motivación ou xustificación.

4) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (4)
Segundo consta nos antecedentes do texto remitido para informe previo e no que se concretará a proposta:
"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas", que figura no presente expediente.
A aportación fiscal deste imposto Presuposto do Concello vense reducindo dende o exercicio 2013 porque a variación positiva dos índices de prezos habida dende 30 de abril de 2012 non foi trasladada ás tarifas da ordenanza fiscal, o que significa á data de 30 de abril de 2015, unha redución, en términos reais, respecto das vixentes no exercicio 2013, dun 1,1%.
A actualización que se presenta a aprobación implica só a recuperación do efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril 2012 e 30 de abril 2015 e sitúa as tarifas desta taxa para 2016 nos mesmos valores, en términos reais, que as do exercicio 2013.
Actualízanse os coeficientes de situación do artigo 8 conforme a variación experimentada polo IPC dende 30 de abril de 2012 ata 30 de abril de 2015. A data de partida constitúe a data final para a que se tiveron en conta as variacións de prezos nesta ordenanza fiscal. Segundo documento que obra no expediente publicado polo INE, a variación do IPC para o período considerado foi do 1,1%. "

En relación coas modificacións propostas, compre ter en conta, coma indicábamos anteriormente, que cando se trate do establecemento ou modificación, coma a presente, dos tipos ou dos coeficientes ou índices previstos na lei, non precisa a súa adopción de motivación ou razonamento algún, ó se tratar do mero exercicio de funcións de Xusticia (neste caso, do

exercicio do poder tributario local; vid. STSX de Cataluña de 30-4-94 Rec 693/1990) debendo limitarse a verificar que os límites previstos na TRLFL non son superados, constatándose no presente que efectivamente é así. No meesmo sentido, a STSX da Comunidade Valenciana de 27-1-1994 (Arz JT 1994,71), sobre incremento de tipos de IBI, IVTM, IVTNU, declara que en tanto se atopan dentro dos límites establecidos legalmente, de conformidade có disposto na LFL, resulta impertinente esixir unha especial motivación ou xustificación.

5) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, A INSTANCIA DE PARTE (10)

Segundo consta nos antecedentes do texto remitido para informe previo e no que se concretará a proposta:

"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello ou a dos seus Organismos Autónomos, a instancia de parte", que figura no presente expediente.

Coa presente modificación acomódase a descrición dos servizos que figuran no artigo 5 do texto vixente á realidade dos servizos que, na actualidade, se prestan. Suprímense os apartados d) e e) do servizo nº1, o nº 12, nº13.5 e o nº 16 por seren na actualidade de obtención gratuíta na sede electrónica do Concello ou ben facilitados gratuitamente de modo presencial ás persoas con dificultade de acceso as novas tecnoloxías.

A aportación fiscal desta taxa ao Presuposto do Concello vense reducindo dende o exercicio 2013 porque a variación positiva dos índices de prezos habida dende 30 de abril de 2012 non foi trasladada ás tarifas da ordenanza fiscal, o que significa á data de 30 de abril de 2015, unha redución, en términos reais, respecto das vixentes no exercicio 2013, dun 1,1%.

A actualización que se presenta a aprobación implica só a recuperación do efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril 2012 e 30 de abril 2015 e sitúa as tarifas desta taxa para 2016 nos mesmos valores, en términos reais, que as do exercicio 2013.

Actualízanse as tarifas vixentes conforme a variación experimentada polo IPC dende 30 de abril de 2012 ata 30 de abril de 2015. A data de partida constitúe a data final para a que se tiveron en conta as variacións de prezos nesta ordenanza fiscal. Segundo documento que obra no expediente publicado polo INE, a variación do IPC para o período considerado foi do 1,1%.

Igualmente, actualízanse na mesma porcentaxe do 1,1% os ingresos brutos que constitúen a base para determinar as exencións nesta taxa.

Dende o punto de vista legal, o límite que establece o artigo 24.2 do TRLRFL: "O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto do xuste real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate"; está moi lonxe de ser alcanzado nesta taxa, segundo se desprende do estudo económico que consta neste expediente.""

O Tribunal Supremo na súa sentencia de 7.10.1996 ten indicado o seguinte:

"Como é sabido o índice de prezos ó consumo (IPC) é unha magnitude que, xunto a outras, emprégase para medi-la evolución da economía nacional e debe ser tida en conta, tamén, para fixa-las tarifas das figuras tributarias..."

A proposta presentada pretende aumenta-la contía das tarifas das taxas para o exercicio á porcentaxe que corresponde á desviación sufrida polo índice de prezos ó consumo (IPC) durante o periodo de referencia

Noutra orde de cousas temos que manifestar que o Tribunal Supremo en sentencias de 20.07.1998 e 28.01.1999, ven indicando que cando a modificación da ordenanza fiscal dunha taxa se limita a aplica-lo incremento correspondente ó IPC, tal modificación non pode calificarse de substancial dado que afecta simplemente ó mantemento do valor constante da presión fiscal razón pola cal inclusive pode prescindirse do preceptivo estudio económico-financeiro en tanto en canto as que serviron no seu día para a súa implantación conservan toda a súa virtualidade.

No expediente tramitado acompáñase, actualizado, o estudio económico-financeiro citado xunta coas novas taxas propostas, en donde se constata que o importe das taxas pola prestación dos servicios ou pola realización das actividades non excede, no seu conxunto, do seu custo anual (art. 24.2, parágrafo 1° TRLRFL).

En virtude do exposto este Tribunal considera conforme a dereito a proposta de acordo que consta no expediente.

6) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS (15)

Segundo consta nos antecedentes do texto remitido para informe previo e no que se concretará a proposta:
"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola inmobilización, retirada, depósito e custodia de vehículos", que figura no presente expediente.
A aportación fiscal desta taxa ao Presuposto do Concello vense reducindo dende o exercicio 2013 porque a variación positiva dos índices de prezos habida dende 30 de abril de 2012 non foi trasladada ás tarifas da ordenanza fiscal, o que significa á data de 30 de abril de 2015, unha redución, en términos reais, respecto das vixentes no exercicio 2013, dun 1,1%.
A actualización que se presenta a aprobación implica só a recuperación do efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril 2012 e 30 de abril 2015 e sitúa as tarifas desta taxa para 2016 nos mesmos valores, en términos reais, que as do exercicio 2013.
A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes conforme a variación experimentada polo IPC dende 30 de abril de 2012 ata 30 de abril de 2015. A data de partida constitúe a data final para a que se tiveron en conta as variacións de prezos nesta ordenanza fiscal. Segundo documento que obra no expediente publicado polo INE, a variación do IPC para o período considerado foi do 1,1%.
Dende o punto de vista legal, o límite que establece o artigo 24.2 do TRLRFL: "O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto do xuste real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate"; está moi lonxe de ser alcanzado nesta taxa, segundo se desprende do estudo económico que consta neste expediente."

O Tribunal Supremo na súa sentencia de 7.10.1996 ten indicado o seguinte:

"Como é sabido o índice de prezos ó consumo (IPC) é unha magnitude que, xunto a outras, emprégase para medi-la evolución da economía nacional e debe ser tida en conta, tamén, para fixa-las tarifas das figuras tributarias..."

A proposta presentada pretende aumenta-la contía das tarifas das taxas para o exercicio á porcentaxe que corresponde á desviación sufrida polo índice de prezos ó consumo (IPC) durante o periodo de referencia
Noutra orde de cousas temos que manifestar que o Tribunal Supremo en sentencias de 20.07.1998 e 28.01.1999, ven indicando que cando a modificación da ordenanza fiscal dunha taxa se limita a aplica-lo incremento correspondente ó IPC, tal modificación non pode calificarse de substancial dado que afecta simplemente ó mantemento do valor constante da presión fiscal razón pola cal inclusive pode prescindirse do preceptivo estudio económico-financeiro en tanto en canto as que serviron no seu día para a súa implantación conservan toda a súa virtualidade.
No expediente tramitado acompáñase, actualizado, o estudio económico-financeiro citado xunta coas novas taxas propostas, en donde se constata que o importe das taxas pola prestación dos servicios ou pola realización das actividades non excede, no seu conxunto, do seu custo anual (art. 24.2, parágrafo 1º TRLRFL).

En virtude do exposto este Tribunal considera conforme a dereito a proposta de acordo que consta no expediente.

7) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16)

Segundo consta nos antecedentes do texto remitido para informe previo e no que se concretará a proposta:
"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo", que figura no presente expediente.
A presente modificación ten por finalidade corrixir determinadas cuestións de tipo técnico-xurídico que dificultan a xestión desta taxa e acomodar a redacción do artigo primeiro da ordenanza ao disposto na normativa legal de aplicación (RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido la lei reguladora das facendas locais e Lei 22/2011 de 28 de xullo de "Residuos y Suelos contaminados" así como a Lei 10/2008 de 3 de novembro de "residuos de Galicia").
Dáse nova redacción ao artigo 2 da ordenanza fiscal nos términos do artigo 23 do RDL 2/2004 que define os suxeitos pasivos contribuíntes e substitutos nas taxas e, en particular, nas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais. Simplificase a redacción dos artigos 6 e 7 relativos á período impositivo, devengo, xestión de altas, variacións e baixas.
Establecese, en substitución do código 159 do apartado B) do artigo 5.2 da ordenanza vixente, unha cota mínima para sostemento do custe fixo do servizo, distinta da "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" regulada no artigo 1.2 da ordenanza, para aqueles establecementos o locais comerciais e de servizos que opten por contratar un xestor privado autorizado para a recollida, transporte e eliminación da totalidade dos seus residuos comerciais e domésticos.

A cota que deben satisfacer os posuidores de residuos comerciais ten que ser superior a "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" que satisfacen os titulares de bens inmobles para poder cumprir as obrigas de manter o seu inmoble en condicións de salubridade e ornato (residuos domésticos).
Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2016 ascendería a un total de 27.458.394,36 € distribuído en dúas fraccións ben diferenciadas:
- O custe fixo do servizo que se produce con independencia da contía dos residuos que se recollan e transporten e comprende a instalación e mantemento de colectores de lixo nas vías públicas así como a existencia de rutas de recollida e traslado de residuos ao longo de todas as vías públicas do término municipal e outros custes xerais do Concello. Estímase para o exercicio 2016 o custe fixo do servizo en 16.886.714,97 € cifra que supón un 61% do custe total do servizo.
- O custe variable que crece ou se minora en razón da contía dos residuos que se tratan ou eliminan. Estímase para o exercicio 2016, para o tratamento de 143.057 TM de residuos, un custe variable de 10.571.679,39 €, cifra que supón un 39% do custe total do servizo.
A estimación de ingresos que se fai para o conxunto dos suxeitos pasivos desta taxa non acada a cubrir o custe fixo do servizo: 16.800.000 € de ingresos previstos para o exercicio 2016, fronte a 16.886.714,97 € de custe fixo do servizo de recollida, transporte e eliminación de residuos.
Para dar cumprimento ao disposto no artigo 24.2 paragrafo segundo do RDL 2/2004 de 5 de marzo: " Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, ...e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento dun desenvolvemento razoable do servizo...", estaría xustificado o pagamento da totalidade da cota establecida no artigo 5 da ordenanza, pois non se garante un desenvolvemento razoable dun servizo no caso de que o conxunto das taxas non acade a cubrir o custe fixo do mesmo.
Por outra parte, os custes provocados polo exercicio da opción de entregar os residuos comerciais a un xestor privado, en ningún caso, poderían repercutirse ao resto dos usuarios do servizo
Non obstante o anterior, por estar algunha das tarifas de lixo comercial desaxustada en términos de comparación co resto, óptase por fixar unha cota individual para cada produtor de residuos comerciais que opte por un xestor privado autorizado que se obtén reducindo a cota que lle correspondería segundo o artigo 5 da ordenanza fiscal nun 50%. Esta contía vai integramente destinada a financiar unha parte do custe fixo do servizo. Se trasladamos a cada cota individualizada a estrutura de custes do servizo, deberíamos dicir que unha porcentaxe do 6% da cota iría destinada a financiar o custe fixo e o resto ao custe variable. O anterior é un exercicio teórico, só de interese pedagóxico, para quen fixera esta análise, para cada caso concreto. Pero esta análise só resultaría válida para cada caso individual se o conxunto total das taxas de todos os contribuíntes acadase para financiar a suma de custe fixo e variable. Pero como xa describimos enriba e no estudo económico que acompaña este expediente, o importe total das taxas (16.800.000 €) non chega a financiar o importe do custe fixo do servizo (16.886.714,97 €).
A aportación fiscal desta taxa ao Presuposto do Concello vense reducindo dende o exercicio 2013 por dúas causas:

- Pola variación positiva dos índices de prezos habida entre o 30 de abril de 2012 que non foi trasladada ás tarifa, o que significa a data de 30 de abril de 2015 unha redución en términos reais, do 1,1%.
- Pola redución do 1,4% na tarifa de lixo vivendas aprobada en sesión plenaria de 4 de setembro de 2014.

A suma destas dúas incidencias, implica para o suxeitos pasivos das taxas de vivendas, unha redución do 2,52% (1,014 x 1,011).
A Actualización que se presenta a aprobación respecta o mantemento da redución aprobada no exercicio 2014 na porcentaxe dun 1,4 na taxa de lixo vivendas pero, si recupera o efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril de 2012 e 30 de abril de 2015 situando, no exercicio 2016 as tarifas de lixo comercial, nos mesmos valores, en términos reais, que as de o exercicio 2013. No caso das vivendas a tarifa sitúase para 2016, en términos reais, un 1,4% por debaixo dos valores de 2013.
Actualízanse as tarifas vixentes na porcentaxe do 1,1% que constitúe a variación do IPC entre 30 de abril de 2012 e 30 de abril de 2015. A data de partida de 30 de abril de 2012 constitúe a data final para a que se tiveron en conta as variacións do índice de prezos nesta ordenanza fiscal. Segundo documento que obra no expediente, publicado polo INE a variación do IPC para o período considerado foi do 1,1%
A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega."

O Tribunal Supremo na súa sentencia de 7.10.1996 ten indicado o seguinte:

"Como é sabido o índice de prezos ó consumo (IPC) é unha magnitude que, xunto a outras, emprégase para medi-la evolución da economía nacional e debe ser tida en conta, tamén, para fixa-las tarifas das figuras tributarias..."

A proposta presentada pretende aumenta-la contía das tarifas das taxas para o exercicio á porcentaxe que corresponde á desviación sufrida polo índice de prezos ó consumo (IPC) durante o periodo de referencia
Noutra orde de cousas temos que manifestar que o Tribunal Supremo en sentencias de 20.07.1998 e 28.01.1999, ven indicando que cando a modificación da ordenanza fiscal dunha taxa se limita a aplica-lo incremento correspondente ó IPC, tal modificación non pode calificarse de substancial dado que afecta simplemente ó mantemento do valor constante da presión fiscal razón pola cal inclusive pode prescindirse do preceptivo estudio económico-financeiro en tanto en canto as que serviron no seu día para a súa implantación conservan toda a súa virtualidade.
No expediente tramitado acompáñase, actualizado, o estudio económico-financeiro citado xunta coas novas taxas propostas, en donde se constata que o importe das taxas pola prestación dos servicios ou pola realización das actividades non excede, no seu conxunto, do seu custo anual (art. 24.2, parágrafo 1º TRLRFL).

Por outra banda, as correccións técnicas enténdense sobradamente xustificadas.

En virtude do exposto este Tribunal considera conforme a dereito a proposta de acordo que consta no expediente.

8) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RÚAS MUNICIPAIS (34)

Segundo consta nos antecedentes do texto remitido para informe previo e no que se concretará a proposta:
"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas por aproveitamento especial da vía pública con Estacionamento de Vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais", que figura no presente expediente.
A aportación fiscal desta taxa ao Presuposto do Concello vense reducindo dende o exercicio 2013 porque a variación positiva dos índices de prezos habida dende 30 de abril de 2012 non foi trasladada ás tarifas da ordenanza fiscal, o que significa á data de 30 de abril de 2015, unha redución, en términos reais, respecto das vixentes no exercicio 2013, dun 1,1%.
A actualización que se presenta a aprobación implica só a recuperación do efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril 2012 e 30 de abril 2015 e sitúa as tarifas desta taxa para 2016 nos mesmos valores, en términos reais, que as do exercicio 2013.
Actualízanse, as tarifas vixentes conforme a variación experimentada polo IPC dende 30 de abril de 2012 ata 30 de abril de 2015. A data de partida constitúe a data final para a que se tiveron en conta as variacións de prezos nesta ordenanza fiscal. Segundo documento que obra no expediente publicado polo INE, a variación do IPC para o período considerado foi do 1,1%.
Como as máquinas expendedoras de tickets de aparcamento non admiten moedas de céntimo e dous céntimos, debe redondearse a múltiplo de 5. Así, a actualización proposta unicamente modifica o importe da última tarifa polo tramo horario de dúas horas e reduce nun minuto o tempo de estacionamento da segunda tarifa.
Dende o punto de vista legal, conforme ao artigo 24.1 do TRLRFL: "O importe das taxas previstas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local fixarase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilizade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público", os importes das tarifas fixadas para 2016 distan moito da referencia de mercado dos aparcamentos privados, conforme se pon de manifesto no informe técnico-económico que consta neste expediente.""
O Tribunal Supremo na súa sentencia de 7.10.1996 ten indicado o seguinte:

"Como é sabido o índice de prezos ó consumo (IPC) é unha magnitude que, xunto a outras, emprégase para medi-la evolución da economía nacional e debe ser tida en conta, tamén, para fixa-las tarifas das figuras tributarias..."

A proposta presentada pretende aumenta-la contía das tarifas das taxas para o exercicio á porcentaxe que corresponde á desviación sufrida polo índice de prezos ó consumo (IPC) durante o periodo de referencia
Noutra orde de cousas temos que manifestar que o Tribunal Supremo en sentencias de 20.07.1998 e 28.01.1999, ven indicando que cando a modificación da ordenanza fiscal dunha taxa se limita a aplica-lo incremento correspondente ó IPC, tal modificación non pode calificarse de substancial dado que afecta simplemente ó mantemento do valor constante da presión fiscal razón pola cal inclusive pode prescindirse do preceptivo estudio económico-financeiro en tanto en canto as que serviron no seu día para a súa implantación conservan toda a súa virtualidade.

CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

No expediente tramitado acompáñase, actualizado, o estudio económico-financeiro citado xunta coas novas taxas propostas, en donde se constata que o importe das taxas pola prestación dos servicios ou pola realización das actividades non excede, no seu conxunto, do seu custo anual (art. 24.2, parágrafo 1° TRLRFL).

En virtude do exposto este Tribunal considera conforme a dereito a proposta de acordo que consta no expediente.
Tralo exame da proposta subliñada, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias

**ACORDA**

Prestar conformidade á proposta e, en consecuencia, prestar aprobación ó Informe relativo ás propostas de modificación das Ordenanzas subliñadas

Vigo, a 05/08/2015

O Secretario

Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela

V° e pr; o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira

**ASUNTO: MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2016 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DE LIXO**

Remitida á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referenciado ao obxecto da emisión do preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no artigo 214 RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

**INFORME:**

**Primeiro. Normativa de aplicación.**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 15 a 19.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. (LXT)
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. (RXR)
- Real Decreto 1.065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspeccción tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, modificada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoiniais de Carácter público. (LTPP)
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEOSF)
- Regulamento Orgánico do Pleno.

**Segundo. Documentos que integran o expediente.**

- Informe técnico-económico do custo do servizo e os ingresos estimados para o exercicio 2016 derivados da aplicación da ordenanza de data 31 de xullo de 2015 elaborado polo funcionario Técnico de Xestión e Inspección Tributaria e Custos.
- Texto da Ordenanza vixente así como a nova redacción proposta.
- Informe-proposta de data 3 de agosto de 2015 asinado pola Técnica Xurídica da Dirección de Ingresos e pola Directora de ingresos conformado polo Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Informe do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado en sesión extraordinaria e urxente número 2015/16 do 05/08/2015, en cumprimento do disposto no artigo 137.1 b) da LRBRL.

**Terceiro. Modificación proposta.**

En primeiro lugar, modifícanse algúns artículos da ordenanza para corrixir determinadas cuestións de orde técnico e xurídico que dificultan a xestión da taxa, así como para acomodar a redacción da ordenanza ao disposto na normativa legal de aplicación (TRLRFL, Lei 22/2011, de 28 de xullo, de "Residuos y Suelos contaminados" e Lei 10/2008, de 3 de novembro, de "residuos de Galicia").

En segundo lugar proponse a actualización das tarifas vixentes no 1,1% que constitúe a variación do IPC entre o 30 de abril de 2012 e o 30 de abril de 2015, así como os ingresos brutos que constitúen a base para determinar a exención das familias numerosas.

**Cuarto. Contido.**

A nova redacción da Ordenanza que se propón modificar integra o contido mínimo esixido no artigo 16 do TRLRHL, sen que, a xuízo do funcionario que subscribe, o texto proposto conteña preceptos ou disposicións que contraveñan o disposto no TRLRFL, na LXT, ou nas demais Leis do Estado reguladoras da materia e demais disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

**Quinto. Consideracións xurídicas.**

**1.** En cumprimento do disposto no apartado 2 do artigo 24 do TRLRFL, no expediente consta estudo económico-financeiro elaborado por técnico municipal donde se acredita que os ingresos totais previstos derivados da taxa a que nos estamos a referir, tras o incremento proposto (16.800.000,00 euros), non excede, no seu conxunto, do custo real ou previsible derivado da prestación do servizo (27.458.394,36 euros), do que resulta un índice de cobertura do 61,18%, financiándose a diferencia con ingresos non finalistas procedentes doutras fontes de ingresos municipais.

A importancia da esixencia de elaboración dos estudos e memorias económico-financeiras como trámite esencial do procedemento fixado polo TRLRFL (A LEI 362/2004), xustifica a nulidade das ordenanzas fiscais expedidas con omisión deste trámite, ou a súa insuficiencia [Sentenza do Tribunal Supremo do 18 de marzo de 2010 (A LEI 55579/2010) (A LEI 55579/2010)].

Non obstante, tal e como indica o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo no seu informe, compre lembrar que unha modificación das tarifas limitada a aplicar o incremento correspondente ao IPC, pola necesidade do mantemento dunha presión fiscal constante, non pode cualificarse de substancial, polo que non se require o mencionado estudo económico-financeiro, conservando, ao respecto, toda a sía virtualidade o que se elaborou no momento de establecemento da taxa ou da última modificación substancial producida (Sentenza do Tribunal Supremo da 1 de xullo de 2003).

**2.** O Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo considera conforme a Dereito a proposta de acordo contida no expediente.

**Sexto. Incidencia no teito de gasto.**

Consonte ao disposto no artigo 12.4 da LOEOSF, de resultar finalmente aprobadas as modificacións na ordenanza nos termos propostos, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto no anos 2016 e seguintes poderá aumentarse polo aumento de recaudación que se prevexa obter como consecuencia da aplicación das medidas previstas no acordo adoptado.

**Sétimo. Procedemento e competencia.**

O procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente para a modificación das ordenanzas fiscais aparece recollido nos artigos 49 da LRBRL, 15 e seguintes do TRLRFL e no Regulamento Orgánico do Pleno, coas especialidades que se sinalan no título X da LRBRL ("Réxime de organización dos municipios de gran poboación"), sendo o órgano competente o Pleno da Corporación, por mayoría simple, previa aprobación do proxecto de modificación da ordenanza pola Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1 a) da LRBRL.

En aplicación do disposto no artigo 90 do Regulamento Orgánico do Pleno unha vez aprobado o proxecto pola Xunta de Goberno Local, concederase aos grupos políticos municipais o prazo indicado no citado precepto para que poidan presentar emendas ao artigado ou a totalidade. Para o caso de que o proxecto fora emendado, as emendas deberán ser incorporadas ao proxecto que deberá someterse novamente a Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

**Conclusións.**

En consecuencia, esta Intervención fiscaliza DE CONFORMIDADE a proposta de "Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo" para o exercicio 2016, nos termos contidos no presente informe.

Vigo, 14 de agosto de 2015
O Interventor Xeral

Asdo. Alberto Escariz Couso

**Dª. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O**: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **28 de agosto de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

**9.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO. (16)**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do Tribunal Económico Administrativo do 5.08.15 e o informe de fiscalización do 14.08.15, dáse conta do informe-proposta da técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, 3.08.15, conformado pola directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo", que figura no presente expediente.*

*A presente modificación ten por finalidade corrixir determinadas cuestións de tipo técnico-xurídico que dificultan a xestión desta taxa e acomodar a redacción do artigo primeiro da ordenanza ao disposto na normativa legal de aplicación (RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido la lei reguladora das facendas locais e Lei 22/2011 de 28 de xullo de "Residuos y Suelos contaminados" así como a Lei 10/2008 de 3 de novembro de "residuos de Galicia").*

*Dáse nova redacción ao artigo 2 da ordenanza fiscal nos términos do artigo 23 do RDL 2/2004 que define os suxeitos pasivos contribuíntes e substitutos nas taxas e, en particular, nas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais. Simplificase a redacción dos artigos 6 e 7 relativos á período impositivo, devengo, xestión de altas, variacións e baixas.*

*Establecese, en substitución do código 159 do apartado B) do artigo 5.2 da ordenanza vixente, unha cota mínima para sostemento do custe fixo do servizo, distinta da "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" regulada no artigo 1.2 da ordenanza, para aqueles establecementos o locais comerciais e de servizos que opten por contratar un xestor privado autorizado para a recollida, transporte e eliminación da totalidade dos seus residuos comerciais e domésticos.*

*A cota que deben satisfacer os posuidores de residuos comerciais ten que ser superior a "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" que satisfacen os titulares de bens inmobles para poder cumprir as obrigas de manter o seu inmoble en condicións de salubridade e ornato (residuos domésticos).*

*Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2016 ascendería a un total de 27.458.394,36 € distribuído en dúas fraccións ben diferenciadas:*

*- O custe fixo do servizo que se produce con independencia da contía dos residuos que se recollan e transporten e comprende a instalación e mantemento de colectores de lixo nas vías públicas así como a existencia de rutas de recollida e traslado de residuos ao longo de todas as vías públicas do término municipal e outros custes xerais do Concello. Estímase para o exercicio*

2016 o custe fixo do servizo en 16.886.714,97 € cifra que supón un 61% do custe total do servizo.

- O custe variable que crece ou se minora en razón da contía dos residuos que se tratan ou eliminan. Estímase para o exercicio 2016, para o tratamento de 143.057 TM de residuos, un custe variable de 10.571.679,39 €, cifra que supón un 39% do custe total do servizo.

A estimación de ingresos que se fai para o conxunto dos suxeitos pasivos desta taxa non acada a cubrir o custe fixo do servizo: 16.800.000 € de ingresos previstos para o exercicio 2016, fronte a 16.886.714,97 € de custe fixo do servizo de recollida, transporte e eliminación de residuos.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 24.2 paragrafo segundo do RDL 2/2004 de 5 de marzo: " Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, ...e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento dun desenvolvemento razoable do servizo...", estaría xustificado o pagamento da totalidade da cota establecida no artigo 5 da ordenanza, pois non se garante un desenvolvemento razoable dun servizo no caso de que o conxunto das taxas non acade a cubrir o custe fixo do mesmo. Por outra parte, os custes provocados polo exercicio da opción de entregar os residuos comerciais a un xestor privado, en ningún caso, poderían repercutirse ao resto dos usuarios do servizo

Non obstante o anterior, por estar algunha das tarifas de lixo comercial desaxustada en términos de comparación co resto, óptase por fixar unha cota individual para cada produtor de residuos comerciais que opte por un xestor privado autorizado que se obtén reducindo a cota que lle correspondería segundo o artigo 5 da ordenanza fiscal nun 50%. Esta contía vai integramente destinada a financiar unha parte do custe fixo do servizo. Se trasladamos a cada cota individualizada a estrutura de custes do servizo, deberíamos dicir que unha porcentaxe do 6% da cota iría destinada a financiar o custe fixo e o resto ao custe variable. O anterior é un exercicio teórico, só de interese pedagóxico, para quen fixera esta análise, para cada caso concreto. Pero esta análise só resultaría válida para cada caso individual se o conxunto total das taxas de todos os contribuíntes acadase para financiar a suma de custe fixo e variable. Pero como xa describimos enriba e no estudo económico que acompaña este expediente, o importe total das taxas (16.800.000 €) non chega a financiar o importe do custe fixo do servizo (16.886.714,97 €).

A aportación fiscal desta taxa ao Presuposto do Concello vense reducindo dende o exercicio 2013 por dúas causas:

- Pola variación positiva dos índices de prezos habida entre o 30 de abril de 2012 que non foi trasladada ás tarifa, o que significa a data de 30 de abril de 2015 unha redución en términos reais, do 1,1%.
- Pola redución do 1,4% na tarifa de lixo vivendas aprobada en sesión plenaria de 4 de setembro de 2014.

A suma destas dúas incidencias, implica para o suxeitos pasivos das taxas de vivendas, unha redución do 2,52% (1,014 x 1,011).

A Actualización que se presenta a aprobación respecta o mantemento da redución aprobada no exercicio 2014 na porcentaxe dun 1,4 na taxa de lixo vivendas pero, si recupera o efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril de 2012 e 30 de abril de 2015 situando, no exercicio 2016 as tarifas de lixo comercial, nos mesmos valores, en términos reais, que as de o exercicio 2013. No caso das vivendas a tarifa sitúase para 2016, en términos reais, un 1,4% por debaixo dos valores de 2013.

Actualízanse as tarifas vixentes na porcentaxe do 1,1% que constitúe a variación do IPC entre 30 de abril de 2012 e 30 de abril de 2015. A data de partida de 30 de abril de 2012 constitúe a

*data final para a que se tiveron en conta as variacións do índice de prezos nesta ordenanza fiscal. Segundo documento que obra no expediente, publicado polo INE a variación do IPC para o período considerado foi do 1,1%*

*A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.*

*O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".*

*Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tralo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.*

*Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.*

*Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.*

*A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:*

*"MODIFICACION DOS SEGUINTES ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO" (16), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:*

*ARTIGO 1 FEITO IMPOÑIBLE.*
*Modifícanse os apartados 1 e 3, que quedan redactados como segue:*

*1. Constitúe o feito impoñible desta taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Vigo, o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas no artigo 20 da Lei 22/2011 de 28 de xullo de Residuos y Suelos contaminados e Lei 10/2008 de 3 de novembro de residuos de Galicia.*

*3. Considéranse, a efectos desta ordenanza, de conformidade co artigo 4.2 da Lei 10/2008 de residuos de Galicia residuos urbanos o municipais, os xenerados nos domicilios particulares, comercios oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a calificación de perigosos e que, pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.*

*ARTIGO 2 SUXEITOS PASIVOS*
*Queda redactado como segue:*

*1. Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que presten ou realicen as entidades locais, de conformidade co artigo 23.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais .*

*En consecuencia, son suxeitos pasivos contribuíntes nesta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.*

*2. Terán a condición de substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas por razóns de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios de ditos inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios, de conformidade co artigo 23.2, do citado RDL 2/2004,*

*ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.*
*Modifícanse os parágrafos 1º, 2º, 3º e 4º do apartado 1 e o apartado 4, que quedan redactados como segue:*

*1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constitúa a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos bruto anuais, per cápita, inferiores a 3.977 € e 6.223 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.*

*Para disfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 49.305 €.*

*O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.*

*No caso dunha persoa con un grado de discapacidade igual ou superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.*

*4. As solicitudes de bonificación ou exención deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.*

*De presentarse algunha solicitude de bonificación e/ou exención entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel en que fora formulada.*

*No caso de familias numerosas o prazo do 31 de decembro amplíase ata o 31 de xaneiro.*

*ARTIGO 5 COTA*
*Modifícanse os apartados 1.3, 1.4, a estrutura tarifaria do apartado 2 e o último parágrafo, que quedan redactados como segue:*

1.3. No caso de locais de uso distinto a vivenda que se atopen sen actividade aplicarase a cota mínima de dispoñibilidade do servizo de importe igual á tarifa de vivenda, conforme se dispón no artigo 1º apartado 2 desta ordenanza.

1.4. Para a aplicación desta taxa, considerarase que a superficie de local ou establecemento é a delimitada polo seu perímetro interior.
2. A estrutura tarifaria é a seguinte:

A). VIVENDAS.

| CÓDIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| 139 | Cota anual | 85,05 |

B). ESTABLECEMENTOS

| CÓDIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| 1 | Accesorios e vehículos, venda. | 444,00 |
| 2 | Alfombras e papeis pintados, Venda, | 222,30 |
| 43 | Almacéns frigoríficos e outros. | 2.294,70 |
| 5 | Artigos de pel, peleterías. | 262,85 |
| 6 | Artigos de viaxe. | 282,95 |
| 7 | Axencias de viaxe. | 222,30 |
| 8 | Bancos. | 1.280,20 |
| 9 | Bares e cafés de categoría especial. | 463,40 |
| 91 | Outros cafés e bares. | 263,90 |
| 124 | Bibliotecas, museos. salas de arte. | 170,15 |
| 11 | Bingos e outros xogos de azar | 1.159,45 |
| 12 | Bixuterías. | 179,95 |
| 14 | Bomboneríás. | 222,30 |
| 15 | Cadros e molduras, lámparas. | 264,95 |
| 16 | Cafeterías. | 775,75 |
| 17 | Carnicerías | 411,10 |
| 19 | Cines. | 512,70 |
| 20 | Clubs, peñas e asociacións culturais. | 170,15 |
| 21 | Colexios e academias de ensino, por planta. | 170,15 |
| 22 | Ídem. Ídem. con internado, por planta. | 179,95 |
| 23 | Colexios profesionais. | 250,30 |
| 24 | Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2). | 330,95 |
| 10 | Comercio menor toda clase artigos, por planta. | 463,40 |
| 140 | Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2. | 410,30 |
| 25 | Confiterías,pastelerías, panaderías e bolerías con obrador. | 362,20 |
| 73 | Confiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador. | 170,15 |
| 26 | Consultorios. | 222,30 |
| 125 | Clínicas de día sen hospitalización. | 444,90 |
| 27 | Corte e confección, modistas e xastrerías. | 263,90 |
| 28 | Cristalerías. | 250,30 |
| 29 | Churrerías. | 170,15 |
| 30 | Depósitos e almacéns pechados ó público. | 263,90 |
| 31 | Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro. | 371,80 |
| 32 | Discotecas. | 1.094,40 |
| 33 | Droguerías. | 319,25 |
| 34 | Efectos navais. | 444,90 |
| 35 | Estacións de servizo. | 666,70 |
| 36 | Estancos. | 170,15 |
| 37 | Estudios fotográficos. | 179,95 |
| 38 | Farmacias e laboratorios. | 263,90 |

| | | |
|---|---|---|
| 39 | Ferrancharías, chatarrerías. | 362,20 |
| 40 | Ferreterías. | 444,90 |
| 41 | Florerías e paxarerías. | 196.00 |
| 42 | Fotografía, venda de material. | 357,80 |
| 44 | Froiterías de ata 20m2 e herboristerías. | 222,30 |
| 151 | Froiterías de mais de 20m2 ata 50m2 | 444,65 |
| 152 | Froiterías de máis de 50m2 ata 100m2 | 889,30 |
| 153 | Froiterías de mais de 100m2 ata 150m2 | 1.332,10 |
| 154 | Froiterías de mais de 150m2 ata 200m2 | 1.778,55 |
| 155 | Froiterías de mais de 200m2 | 2.365,90 |
| 45 | Garaxes privados, ata 3 prazas | 86,25 |
| 46 | Ídem. de 4 a 25 prazas. | 150,70 |
| 47 | Ídem. de máis de 25 prazas. | 196,05 |
| 48 | Garaxes públicos | 331,70 |
| 49 | Garaxes públicos con lavado. | 444,90 |
| 126 | Granxas de animais. | 411,10 |
| 143 | Hoteis de cinco estrelas | 2.365,90 |
| 51 | Hoteis e moteis de catro estrelas. | 1.855,35 |
| 52 | Hoteis e moteis de tres estrelas. | 1.390,85 |
| 53 | Hoteis e moteis de dúas e unha estrela. | 1.114,20 |
| 54 | Hoteis-apartamentos e aloxamentos Turísticos extra hoteleiros e cámpings. | 883,25 |
| 55 | Imprentas e litografías. | 444,90 |
| 56 | Instrumentos musicais. | 263,90 |
| 58 | Librerías. | 357.80 |
| 158 | Local sen actividade | 85,05 |
| 159 | (Substitúese polo último paragrafo do presente artigo 5) | |
| 59 | Loterías, administracións de. | 170,15 |
| 60 | Maquinaria diversa, venda e exposición | 444,90 |
| 61 | Material eléctrico e electrodoméstico, ordenadores. | 357,80 |
| 62 | Material de construción. | 444,90 |
| 63 | Mobiliario de oficina, venda e exposición. | 529,30 |
| 64 | Mercerías. | 170,15 |
| 65 | Mobles, exposición. | 444,90 |
| 141 | Mobles, venda en establecementos de superficie ata 150 m2. | 529,30 |
| 66 | Mobles, venda en establecementos de superficie superior a 150 m2. | 883,25 |
| 67 | Mobles de cociña e baño, venda e exposición. | 444,90 |
| 68 | Obxectos de agasallo,decoración e antigüidades. | 357,80 |
| 69 | Obxectos de deporte. | 263,90 |
| 70 | Oficinas e despachos, por unidade. | 165,15 |
| 71 | Ópticas. | 170,15 |
| 72 | Ortopedias. | 444,90 |
| 74 | Papelerías, fotocopias. | 232,70 |
| 76 | Perruquerías e salóns de beleza. | 291,70 |
| 127 | Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na propia vivenda. | 196,00 |
| 77 | Pensións, hospedarías e hostais. | 444,90 |
| 128 | Ídem sen comida, por habitación. | 51,15 |
| 78 | Perfumerías. | 263,90 |
| 79 | Pescaderías. | 263,90 |
| 129 | Polideportivos, campos de fútbol e similares. | 581,65 |
| 80 | Praterías e xoierías. | 389,40 |
| 130 | Preescolares e garderías infantís. | 222,30 |
| 81 | Quioscos. | 170,15 |
| 131 | Rastrillos e similares. | 263,90 |

| | | |
|---|---|---|
| 82 | Reloxerías. | 263,90 |
| 83 | Residencias non clasificadas por turismo, por plta. | 170,15 |
| 84 | Restaurantes de 4 e 5 cubertos. | 913,15 |
| 85 | Restaurantes de 2 e 3 cubertos. | 809,90 |
| 86 | Restaurantes de 1 cuberto. | 581,65 |
| 157 | Restaurantes de menos de 30m2 | 290,80 |
| 132 | Sanatorios de máis de 30 camas. | 2.967,35 |
| 133 | Sanatorios de ata 30 camas. | 1.779,75 |
| 105 | Servizos de reprodución gráfica. | 373,75 |
| 89 | Sociedades de lecer e casinos. | 1.041,35 |
| 90 | Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4). | 1.390,85 |
| 93 | Tecidos e confeccións por planta. | 396,25 |
| 156 | Tendas de roupa e/ou complementos de menos de 30m2. | 165,15 |
| 94 | Tinturerías e lavanderías. | 263,90 |
| 95 | Transportes públicos e privados. | 666,70 |
| 96 | Venda de localidades. | 91,30 |
| 134 | Veterinarios e perruquerías caninas. | 292,55 |
| 98 | Xeladerías e chocolaterías. | 364,05 |
| 99 | Ximnasios, saunas e similares. | 392,15 |
| 100 | Xogos de lecer. | 666,70 |
| 101 | Xogueterías. | 357,80 |
| 103 | Zapaterías. | 302,45 |
| 104 | Zapaterías, reparación. | 170,15 |

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 LITROS/DIA

| CÓDIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| 135 | De 1 obreiro. | 263,90 |
| 108 | De 2 a 5 obreiros. | 326,00 |
| 109 | De 6 a 10 obreiros. | 444,90 |
| 110 | De 11 a 25 obreiros. | 666,70 |
| 111 | De 26 a 75 obreiros. | 1.337,45 |
| 112 | De 76 a 125 obreiros. | 1.781,85 |
| 113 | De 126 a 250 obreiros. | 2.223,35 |
| 114 | De máis de 250 obreiros | 2.967,35 |

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA

| CODIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| | - Con colectores de 1000 litros: | |
| 138 | Un colector | 2.365,90 |
| 149 | Dos colectores | 5.694,50 |
| 150 | De tres colectores en adiante: Sumarase á tarifa | 149: |
| | Por cada colector | 4.021,55 |
| | - Con colectores de 2400 litros: | |
| 148 | Cada colector | 6.649,65 |

No caso de locais ou establecementos que optaren por contratar un xestor autorizado para a recollida, transporte e tratamento da totalidade dos seus residuos comerciais e domésticos, minorarase a tarifa que figura, segundo a súa actividade, nos apartados B) C)

*e D) anteriores, nun 50%. A cota resultante ten o carácter de "mínima para sostemento do custe fixo deste servizo" de prestación obrigatoria para o Concello. En ningún caso o importe desta cota resultante pode ser inferior ao importe da "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" a que se refire o apartado 2 do artigo 1º da presente ordenanza fiscal.*

*ARTIGO 6 PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO*
*Queda redactado como segue:*

*O período impositivo coincidirá co ano natural, o devengo da taxa producirase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas será irredutibles coa excepción dos supostos de alta e variación de actividades económicas nos que se producirá o prorrateo por semestres.*
*Tamén se producirá prorrateo por semestres no caso das baixas de actividades económicas que foran presentadas no Concello.*

*ARTIGO 7 ALTAS, VARIACIÓNS E BAIXAS.*

*Queda redactado como segue:*

*1. As altas nos Padróns fiscais da taxa de lixo produciranse a partir da información contida no Catastro Inmobiliario, rexistro administrativo regulado no RDL 1/2004 de 5 de marzo.*
*A efectos da aplicación das taxas reguladas na presente ordenanza, as actuacións dos Servizos de Xestión e Inspección Tributarias do Concello complementarán e/ou corrixiran os datos contidos no Catastro Inmobiliario nos casos de omisión do Ben Inmoble no rexistro catastral, ausencia de división horizontal e outros.*

*Os titulares catastrais de locais de uso distinto a vivenda deberán comunicar ao Concello os arrendamentos daqueles, a efectos de causar baixa como contribuíntes e aplicar a tarifa de lixo segundo o tipo de actividade e a superficie do local, aos titulares das actividades económicas. A comunicación dos arrendamentos terá efectos, para o titular catastral, no exercicio seguinte ao da comunicación.*

*As altas derivadas de nova construción ou rehabilitación surten efectos para o exercicio seguinte ao de finalización das obras.*

*As altas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data de inicio da actividade.*

*Os mencionados documentos 036, 037 e 840 de alta ou variación no censo de empresarios, profesionais e retenedores surtirán os efectos de notificación de alta ou variación no padrón da Taxa de lixo comercial, non sendo necesaria, dende un punto de vista legal, a notificación individual da liquidación incluída no padrón fiscal.*

*Os titulares de actividades económicas, veñen, así mesmo, obrigados a solicitar licencia de actividades e instalacións, presentar "declaración responsable" ou "comunicación previa" na Xerencia Municipal de Urbanismo así como a comunicar os cambios de titularidade na licencia.*

*2. As variacións derivadas de alteracións de titularidade catastral da vivenda ou local (impreso 901 de declaración catastral) surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se produzan.*

*As variacións de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data da variación na actividade.*

*3. As baixas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se formulen. Non obstante, se as baixas foran formuladas no Concello, surtirán efectos para o semestre seguinte a aquel no que se formulen.*
*A omisión das correspondentes declaracións de Alta, Variación ou Baixa así como a omisión da comunicación de arrendamentos teñen a consideración de infracción tributaria.*

*ARTIGO 8 INGRESO*
*Queda redactado como segue:*

*De conformidade co artigo 60.3, empregarase como procedemento supletorio e alternativo ao procedemento de ingreso por recibo, o réxime de autoliquidación.*

*DISPOSICIÓN FINAL 2ª:*
*Queda redactada como segue:*

*2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2016, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación*

*2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.*

*3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.*

*4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.*

*5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:*

*Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.*

*Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e oito de agosto do ano dous mil quince.

O. DE APOIO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL – CONCELLO DE VIGO

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.

**CONCELLO DE VIGO**
**TRIB. EC-ADM**

**TIPO: Dictame**
**SOLICITANTE: Xunta de Goberno Local**
**EXPEDIENTE: ORDENANZAS 2016/7 REF: 13701 E3870 P3453**
**ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16)**

**En Vigo, a 28/08/2015, examinada a proposta de dictame asinada polo Vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo en data 28/08/2015 co seguinte literal:**

A Xunta de Goberno Local, en Sesión que tivo lugar o dia 28 de agosto de 2015, aprobóu o Proxecto de modificación da citada Ordenanza Fiscal.

A Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, en Sesión Extraordinaria e Urxente que tivo lugar o cinco de agosto de dous mil quince, xa tiña emitido e aprobado, a solicitude da Dirección de Ingresos, informe previo sobor da proposta á Xunta de Goberno Local da modificación agora aprobada coma Proxecto. No dito informe previo, e en relación á presente, se indicaba textualmente:

"Remítense a este Tribunal os expedientes relativos á modificación das seguintes Ordenanza Fiscáis a fin de que se emita informe previo:
(...)
7) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16)
(...)
En atención o requirimento efectuado este Tribunal ten a honra de informar o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE E TRAMITACIÓN:

A modificación das Ordenanzas Fiscáis ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:
- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(LFL).
- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscáis é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non sigue as normas xeráis de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas poño TRLFL.

Efectivamente, compre ter en conta que o artigo 111 LRBRL establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e que a dita normativa está contida nos artigos 15 a 19 da LFL, polo que, no caso das Ordenanzas Fiscáis, a súa tramitación non sigue o procedemento ordinario nin o establecido polo Regulamento Orgánico do Pleno, cuxo artigo 89,1 xa exclúe da tramitación polas normas nel contidas os proxectos normativos que conten con lexislación sectorial aplicable e dita lexislación, coma dixemos, e a dos artigos 15 e 19 da LFL, ós que se remite o artigo 111 da LRBRL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste máis concreto e restrictivo que o de "alegaciónes y observaciones" do procedemento xeral.

Por iso, e sin prexuizo de que, antes de sometelo a aprobación plenaria, o goberno municipal poida efectuar as súas lexítimas transaccións cós grupos municipáis ou incluso enmendar o propio texto proposto, o Pleno non pode máis que ratificar ou non o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e posteriormente dictaminado por este Tribunal Económico Administrativo en virtude do disposto nos artigos 137.1.b da LBRL e 2.b do ROTEACV.
Tal e coma se recolle nas propostas remitidas. "O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".
Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.
Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA. "

SOBRE AS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS

(...)

7) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16)

Segundo consta nos antecedentes do texto remitido para informe previo e no que se concretará a proposta:

"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo", que figura no presente expediente.

A presente modificación ten por finalidade corrixir determinadas cuestións de tipo técnico-xurídico que dificultan a xestión desta taxa e acomodar a redacción do artigo primeiro da ordenanza ao disposto na normativa legal de aplicación (RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido la lei reguladora das facendas locais e Lei 22/2011 de 28 de xullo de "Residuos y Suelos contaminados" así como a Lei 10/2008 de 3 de novembro de "residuos de Galicia").

Dáse nova redacción ao artigo 2 da ordenanza fiscal nos términos do artigo 23 do RDL 2/2004 que define os suxeitos pasivos contribuíntes e substitutos nas taxas e, en particular, nas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais. Simplifícase a redacción dos artigos 6 e 7 relativos á período impositivo, devengo, xestión de altas, variacións e baixas.

Establecese, en substitución do código 159 do apartado B) do artigo 5.2 da ordenanza vixente, unha cota mínima para sostemento do custe fixo do servizo, distinta da "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" regulada no artigo 1.2 da ordenanza, para aqueles establecementos o locais comerciais e de servizos que opten por contratar un xestor privado autorizado para a recollida, transporte e eliminación da totalidade dos seus residuos comerciais e domésticos.

A cota que deben satisfacer os posuidores de residuos comerciais ten que ser superior a "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" que satisfacen os titulares de bens inmobles para poder cumprir as obrigas de manter o seu inmoble en condicións de salubridade e ornato (residuos domésticos).

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2016 ascendería a un total de 27.458.394,36 € distribuido en dúas fraccións ben diferenciadas:

- O custe fixo do servizo que se produce con independencia da contía dos residuos que se recollan e transporten e comprende a instalación e mantemento de colectores de lixo nas vías públicas así como a existencia de rutas de recollida e traslado de residuos ao longo de todas as vías públicas do término municipal e outros custes xerais do Concello. Estímase para o exercicio 2016 o custe fixo do servizo en 16.886.714,97 € cifra que supón un 61% do custe total do servizo.
- O custe variable que crece ou se minora en razón da contía dos residuos que se tratan ou eliminan. Estímase para o exercicio 2016, para o tratamento de 143.057 TM de residuos, un custe variable de 10.571.679,39 €, cifra que supón un 39% do custe total do servizo.

A estimación de ingresos que se fai para o conxunto dos suxeitos pasivos desta taxa non acada a cubrir o custe fixo do servizo: 16.800.000 € de ingresos previstos para o exercicio 2016, fronte a 16.886.714,97 € de custe fixo do servizo de recollida, transporte e eliminación de residuos.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 24.2 paragrafo segundo do RDL 2/2004 de 5 de marzo: " Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, ...e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento dun desenvolvemento razoable do servizo...", estaría xustificado o pagamento da totalidade da cota establecida no artigo 5 da ordenanza, pois non se garante un desenvolvemento razoable dun servizo no caso de que o conxunto das taxas non acade a cubrir o custe fixo do mesmo. Por outra parte, os custes provocados polo exercicio da opción de entregar os residuos comerciais a un xestor privado, en ningún caso, poderían repercutirse ao resto dos usuarios do servizo

Non obstante o anterior, por estar algunha das tarifas de lixo comercial desaxustada en términos de comparación co resto, óptase por fixar unha cota individual para cada produtor de residuos comerciais que opte por un xestor privado autorizado que se obtén reducindo a cota que lle correspondería segundo o artigo 5 da ordenanza fiscal nun 50%. Esta contía vai integramente destinada a financiar unha parte do custe fixo do servizo. Se trasladamos a cada cota individualizada a estrutura de custes do servizo, deberíamos dicir que unha porcentaxe do 6% da cota iría destinada a financiar o custe fixo e o resto ao custe variable. O anterior é un exercicio teórico, só de interese pedagóxico, para quen fixera esta análise, para cada caso concreto. Pero esta análise só resultaría válida para cada caso individual se o conxunto total das taxas de todos os contribuíntes acadase para financiar a suma de custe fixo e variable. Pero como xa describimos enriba e no estudo económico que acompaña este expediente, o importe total das taxas (16.800.000 €) non chega a financiar o importe do custe fixo do servizo (16.886.714,97 €).

A aportación fiscal desta taxa ao Presuposto do Concello vense reducindo dende o exercicio 2013 por dúas causas:

- Pola variación positiva dos índices de prezos habida entre o 30 de abril de 2012 que non foi trasladada ás tarifa, o que significa a data de 30 de abril de 2015 unha redución en términos reais, do 1,1%.
- Pola redución do 1,4% na tarifa de lixo vivendas aprobada en sesión plenaria de 4 de setembro de 2014.

A suma destas dúas incidencias, implica para o suxeitos pasivos das taxas de vivendas, unha redución do 2,52% (1,014 x 1,011).

A Actualización que se presenta a aprobación respecta o mantemento da redución aprobada no exercicio 2014 na porcentaxe dun 1,4 na taxa de lixo vivendas pero, si recupera o efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril de 2012 e 30 de abril de 2015 situando, no exercicio 2016 as tarifas de lixo comercial, nos mesmos valores, en términos reais, que as de o exercicio 2013. No caso das vivendas a tarifa sitúase para 2016, en términos reais, un 1,4% por debaixo dos valores de 2013.

CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

Actualizanse as tarifas vixentes na porcentaxe do 1.1% que constitúe a variación do IPC entre 30 de abril de 2012 e 30 de abril de 2015. A data de partida de 30 de abril de 2012 constitúe a data final para a que se tiveron en conta as variacións do índice de prezos nesta ordenanza fiscal. Segundo documento que obra no expediente, publicado polo INE a variación do IPC para o período considerado foi do 1,1%
A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega."

O Tribunal Supremo na súa sentencia de 7.10.1996 ten indicado o seguinte:
"Como é sabido o índice de prezos ó consumo (IPC) é unha magnitude que, xunto a outras, emprégase para medi-la evolución da economía nacional e debe ser tida en conta, tamén, para fixa-las tarifas das figuras tributarias..."
A proposta presentada pretende aumenta-la contía das tarifas das taxas para o exercicio á porcentaxe que corresponde á desviación sufrida polo índice de prezos ó consumo (IPC) durante o periodo de referencia
Noutra orde de cousas temos que manifestar que o Tribunal Supremo en sentencias de 20.07.1998 e 28.01.1999, ven indicando que cando a modificación da ordenanza fiscal dunha taxa se limita a aplica-lo incremento correspondente ó IPC, tal modificación non pode calificarse de substancial dado que afecta simplemente ó mantemento do valor constante da presión fiscal razón pola cal inclusive pode prescindirse do preceptivo estudio económico-financeiro en tanto en canto as que serviron no seu día para a súa implantación conservan toda a súa virtualidade.
No expediente tramitado acompáñase, actualizado, o estudio económico-financeiro citado xunta coas novas taxas propostas, en donde se constata que o importe das taxas pola prestación dos servicios ou pola realización das actividades non excede, no seu conxunto, do seu custo anual (art. 24.2, parágrafo 1° TRLRFL).

Por outra banda, as correccións técnicas enténdense sobradamente xustificadas.

En virtude do exposto este Tribunal considera conforme a dereito a proposta de acordo que consta no expediente.
(...)"

Ó non se producir modificación algunha entre a proposta á Xunta de Goberno Local e o Proxecto de Modificación aprobado por ésta, compre procedente propoñer, en idénticos términos, dictame favorable ó mentado Proxecto de Modificación

Tralo exame da proposta subliñada, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias

**ACORDA**

Dictaminar favorablemente o proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal subliñada

Vigo, a 28/08/2015

O Secretario

Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela

V° e pr; o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira

Concello de Vigo

**JOSE RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,**

En data de 28 de agosto a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta de modificación das Ordenanzas Fiscais para o ano 2016; conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 28 de agosto o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ó obxecto da presentación de emendas ata as 14,00 horas do día 4 de setembro.

**CERTIFICO,**

Que no prazo previsto o grupo municipal de Marea de Vigo presentou escrito, en data 4.09.15 (nº 1193/1101), e o grupo municipal Partido Popular na mesma data (nº 1196/1101) coas emendas ás Ordenanzas Fiscais.

E para que conste e ós efectos procedentes, expido a presente certificación en Vigo, a sete de setembro do ano dous mil quince.
lc.

SECRETARÍA XERAL DO PLENO
CONCELLO DE VIGO

**JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA,**

**CERTIFICO:** Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 11 de setembro de 2015 emitiu, entre outros, o seguinte DITAME:

**7. DITAME SOBRE A APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DE LIXO (16). EXPTE. 1181/1101**

ANTECEDENTES: No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe económico do custo do servizo de recollida, transporte e tratamento de lixo para o ano 2016 emitido en data 31.07.2015 polo técnico de xestión e inspección tributaria e Custos.

- Memoria da Alcaldía de data setembro 2015.

- Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 desde abril de 2012 ata abril de 2015.

- Informe – Proposta para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Recollida de Lixo emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 03.08.2015 no que consta a seguinte modificación ó articulado vixente:

*ARTIGO 1 FEITO IMPOÑIBLE.*

*Modifícanse os apartados 1 e 3, que quedan redactados como segue:*

*1. Constitúe o feito impoñible desta taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Vigo, o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas no artigo 20 da Lei 22/2011 de 28 de xullo de Residuos y Suelos contaminados e Lei 10/2008 de 3 de novembro de residuos de Galicia.*

*3. Considéranse, a efectos desta ordenanza, de conformidade co artigo 4.2 da Lei 10/2008 de residuos de Galicia residuos urbanos o municipais, os xenerados nos domicilios particulares, comercios oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a calificación de perigosos e que, pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.*

*ARTIGO 2 SUXEITOS PASIVOS*

*Queda redactado como segue:*

*1. Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que presten ou realicen as entidades locais, de conformidade co artigo 23.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais .*

